



PROGRAMACIÓN

DEPARTAMENTO DE LINGUA GALEGA E LITERATURA

(CURSOS LOMCE)

IES DO CASTRO

CURSO 2022-2023

ÍNDICE	PAX
1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN	3
2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE	6
3. OBXECTIVOS DA ÁREA DE LINGUA GALEGA	9
4. CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES. TEMPORALIZACIÓN. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA. PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	16
4.1. 2º ESO	16
4.2. 4º ESO	27
4.3. 2º BACHARELATO	40
5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS	51
6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS	58
7. CRITERIOS SOBRE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN	59
8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE	65
9. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DA MATERIA PENDENTE	66
10. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS A ADOPTAR	67
11. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	70
12. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS	73
13. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES	74
14. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN	76

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN XERAL PARA A ESO

A finalidade da educación secundaria consiste en lograr que o alumnado adquiera os elementos básicos de cultura nos ámbitos humanístico, artístico, científico e tecnolóxico; consiste en desenvolver hábitos de estudo e de traballo, en preparar o alumnado para a súa incorporación a estudos posteriores, así como para a inserción laboral, a inclusión social ou a cidadanía activa. Ese é o obxectivo da Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro para a mellora da calidade educativa, que modificou a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, en distintos aspectos coa finalidade de avanzar cara a un sistema educativo inclusivo, que garanta a igualdade de oportunidades e faga efectiva a posibilidade de que cada alumno e alumna desenvolva ao máximo as súas posibilidades.

O Decreto 86/ 2015, do 25 de xuño, establece o currículo para as ensinanzas da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia. Este decreto baséase na potenciación da aprendizaxe por competencias integradas nos elementos curriculares. Propóñense novos enfoques na aprendizaxe e na avaliación. Unha competencia supón a combinación de habilidades prácticas, coñecementos, motivación, valores éticos, actitudes, emocións e outros compoñentes sociais e de comportamento que se xuntan para alcanzar unha acción eficaz. Trátase de conseguir que o alumnado consiga “un saber facer” aplicables a contextos académicos, sociais e profesionais.

A materia de Lingua Galega e Literatura na ESO ten como finalidade fundamental o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado. O seu obxectivo primordial é garantir que, ao final desta etapa educativa obrigatoria, o alumnado sexa capaz de interaccionar adecuadamente nas situacións de comunicación fundamentais dos ámbitos escolar, social, cultural e profesional; que comprenda a diversidade de mensaxes orais e escritas con que se vai atopar ao longo da súa vida adulta e que sexa quen de producilas coa debida corrección lingüística, con creatividade e adecuación ao contexto en que se realiza a comunicación.

A ESO debe favorecer o desenvolvemento de operacións formais, de razoamentos lóxicos e conceptuais, é dicir, debe favorecer o uso funcional da lingua como instrumento de comunicación; mais tamén como instrumento de representación, a través da conciencia crítica sobre a situación do idioma e a súa permanencia histórica; así como a conciencia da riqueza que supón ser unha persoa plurilingüe para o seu desenvolvemento cognitivo e social. O dominio do idioma así como o coñecemento da súa historia e da súa literatura axudará ao alumnado a ter unha actitude de respecto de cara a lingua que nos identifica.

As características do alumnado responden a un patrón eminentemente urbano e de condición social media-alta. Isto ten unha clara repercusión sobre o proceso de

ensino-aprendizaxe da materia obxecto da presente programación, pois a maior parte do alumnado é monolingüe en castelán o que dá como resultado que, por mor das ratios, da carga teórica dos programas e do escaso número de horas semanais, ao final das dúas etapas, o alumnado presente unha satisfactoria competencia no manexo da lingua escrita, pero bastante deficiente no da lingua oral.

O IES DO CASTRO, centro urbano por excelencia, imparte as dúas etapas da Educación Secundaria : a obrigatoria, cos catro niveis correspondentes (cun alumnado dunha única procedencia, o colexio adscrito Doutor Fleming), e a postobrigatoria cos dous niveis de Bacharelato. A ESO acolle 383 alumnos e alumnas, organizados este curso en catro liñas por nivel. Ademais, cóntase cun Reforzo en 1º e un Agrupamento en 2º.

O Bacharelato presenta certa heteroxeneidade por dúas razóns fundamentais. Unha, porque o centro acolle, no 1º de Bacharelato, alumnado da ESO de distintos centros de procedencia; outra, porque a “especialización”, Ciencias/Humanidades segue a caracterizar, en certo modo, o alumnado.

Ademais, aínda que este non ten por que sexa un elemento diferenciador, dentro do Bacharelato, contamos coa liña do IBO, o que vén completar a complexidade de enfoques, e entre outros aspectos, a secuenciación, xa que nesta modalidade rematan o período lectivo con antelación con respecto aos demais.

Desde o punto de vista sociolingüístico a tendencia ao bilingüismo diglósico segue a facerse máis acusada, canto máis na expresión oral, e ficará compensada no plano escrito pola mellora substancial do nivel de coñecemento acadado nos niveis anteriores e pola preocupación da proba externa do final da etapa.

En resumo, e de xeito moi global, incidirase no estudo e a práctica da lingua escrita e oral para obtermos persoas destras en ambas as competencias, pero, de maneira especial, na oral.

1.1. MEMBROS DO DEPARTAMENTO E DISTRIBUCIÓN DAS MATERIAS

Na táboa a seguir detállanse os grupos e a súa distribución entre os membros do departamento:

PROFESORA	CURSO/MATERIA
FRANCISCA ÁLVAREZ ÁLVAREZ	<ul style="list-style-type: none">LGL 2º BACHARELATO (5 grupos)
MARÍA FERNÁNDEZ BERNÁRDEZ	<ul style="list-style-type: none">LGL 1º ESO (1 grupo)LGL Agrupamento 1º ESOLGL 4º ESO (2 grupos)Literatura Universal (1º Bacharelato)
EVA GARCÍA FERNÁNDEZ	<ul style="list-style-type: none">LGL 1º ESO (1 grupo)LGL 2º ESO (3 grupos)LGL Reforzo 1º ESOOratoria 4º ESO
LAURA MONTES GARCÍA	<ul style="list-style-type: none">LGL 1º ESO (2 grupos)LGL 3º ESO (3 grupos)Proxecto competencial 3º ESO
CRISTINA NOGUEIRA EZQUERRA	<ul style="list-style-type: none">4º ESO (2 grupos)Reforzo LGL 2º BAC
RAQUEL RODRÍGUEZ PARADA	<ul style="list-style-type: none">1º BACHARELATO (5 GRUPOS)

2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE E DESCRITORES

Na área de Lingua Galega e Literatura incidiremos no adestramento de todas as competencias de maneira sistemática, facendo fincapé nos descritores máis afíns á área.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT)

Desde a área de Lingua Galega e Literatura desenvólvense de forma xeral varios aspectos desta competencia, xa que as análises das estruturas morfolóxicas, sintácticas e textuais supoñen un adestramento do razoamento lóxico, a súa sistematización, a aplicación dun método rigoroso. Por outro lado, a variedade tipolóxica e temática dos textos pon en contacto a área coa relación do ser humano coa realidade, o mundo científico e o contorno ambiental.

Así, ademais dos descritores da competencia que se traballan puntualmente nas unidades, destacamos os seguintes:

- Tomar conciencia dos cambios producidos polo ser humano no contorno natural e as repercusións para a vida futura.
- Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante.
- Aplicar estratexias de resolución de problemas a situacións da vida cotiá.

Comunicación lingüística (CCL)

A competencia en comunicación lingüística adéstrase de maneira explícita no propio ámbito curricular; por tanto, poderíamos incluír calquera dos descritores desta competencia. Porén, e dado que se explicitan nas unidades segundo a relevancia que teñen en cada unha delas, resáltanse aquí aqueles que favorecen a súa transversalidade.

Destacamos, pois, os descritores seguintes:

- Comprender o sentido dos textos escritos e orais.
- Manter unha actitude favorable cara á lectura.
- Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.
- Respetar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...
- Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros nas diversas situacións comunicativas.

Competencia dixital (CD)

A área de Lingua Galega e Literatura debe contribuír ao adestramento da competencia dixital, tan relevante e necesaria no contexto actual. O uso das novas tecnoloxías supón un novo modo de comunicación cuxo ámbito haberá que adestrar de maneira sistemática. A produción de procesos comunicativos eficaces nos que se empregan os contidos propios da materia é un pilar esencial para o desenvolvemento da competencia dixital nos alumnos e alumnas.

Para iso, nesta área, traballaremos os seguintes descritores da competencia:

- Empregar distintas fontes para a busca de información.
- Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.
- Elaborar información propia derivada da información obtida a través de medios tecnolóxicos.
- Comprender as mensaxes que veñen dos medios de comunicación.
- Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir información diversas.
- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
- Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.

Conciencia e expresións culturais (CCEC)

A expresión lingüística e o coñecemento cultural que se adquire a través da literatura facilitan desde a área o desenvolvemento desta competencia. A verbalización de emocións e sentimentos sobre as manifestacións literarias ou artísticas, as creacións propias, o coñecemento do acervo literario... fan desta área un cauce perfecto para adestrar a competencia.

Traballamos, por tanto, os seguintes descritores:

- Mostrar respecto cara ao patrimonio cultural mundial nas súas distintas vertentes e cara ás persoas que contribuíron ao seu desenvolvemento.
- Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.
- Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos.
- Apreciar a beleza das expresións artísticas e das manifestacións de creatividade e gusto pola estética no ámbito cotián.
- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

Competencias sociais e cívicas (CSC)

Traballar con outros, descubrir as diferenzas e establecer normas para a convivencia favorece o desenvolvemento das competencias sociais e cívicas. Desde o uso da lingua para chegar a consensos, establecer e cumprir regras de funcionamento ata o seguimento das normas de comunicación, pódese adestrar en Lingua Galega e Literatura esta competencia. Por outra parte, a contextualización da comunicación lingüística e literaria propias da área e a importancia da crítica textual fan fundamental o traballo desta competencia.

Para iso, adestraremos os seguintes descritores:

- Coñecer as actividades humanas, adquirir unha idea da realidade histórica a partir de distintas fontes e identificar as implicacións que ten vivir nun Estado social e democrático de dereito referendado por unha constitución.
- Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.
- Mostrar dispoñibilidade para a intervención activa en ámbitos de participación establecidos.
- Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.
- Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)

O adestramento do sentido de iniciativa e espírito emprendedor é de vital importancia en calquera contexto educativo porque favorece a autonomía dos alumnos e o desenvolvemento de habilidades persoais para emprender accións innovadoras en contextos académicos que logo se poderán extrapolar a situacións vitais. No propio estudo da materia, os alumnos e as alumnas deben recoñecer os seus recursos e adquirir hábitos que lles permitan superar dificultades no traballo e na consecución de metas establecidas.

Os descritores que priorizaremos son:

- Optimizar os recursos persoais apoiándose nas fortalezas propias.
- Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
- Ser constante no traballo, superando as dificultades.
- Dirimir a necesidade de axuda en función das dificultades da tarefa.
- Xestionar o traballo do grupo, coordinando tarefas e tempos.
- Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.
- Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos.
- Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover acción novas.

Aprender a aprender (CAA)

A competencia pódese desenvolver na área fomentando tarefas que permitan que o alumno ou a alumna se recoñeza a si mesmo/-a como aprendiz para a mellora dos seus procesos de aprendizaxe. Neste sentido, *Lingua Galega e Literatura* préstase especialmente a iso, xa que é unha área que favorece os procesos metacognitivos e a adquisición de estratexias e estruturas de aprendizaxe extrapolables a outras áreas e contextos.

Trabállanse os seguintes descritores de maneira prioritaria:

- Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, función executivas...
- Xestionar os recursos e motivacións persoais en favor da aprendizaxe.
- Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.
- Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...
- Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
- Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios.
- Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.

3. OBXECTIVOS DA ÁREA DE LINGUA GALEGA E CONCRECIÓN POR CURSO

Entendemos por obxectivos os referentes relativos aos logros que o alumnado debe alcanzar ao rematar o proceso educativo, como resultado das experiencias de ensino e aprendizaxe intencionalmente planificadas para tal fin. No noso traballo cómpre distinguir os propios da ESO e do Bacharelato.

A **educación secundaria obrigatoria** ten carácter obrigatorio e gratuíto, e constitúe, xunto coa educación primaria, a educación básica. Na ESO prestarase especial atención á orientación educativa e profesional do alumnado. A ESO organízase de acordo cos principios de educación común e de atención á diversidade do alumnado. A ESO ten por finalidade lograr que os alumnos e as alumnas adquiran os elementos básicos da cultura, nos aspectos humanístico, artístico, científico e tecnolóxico; desenvolver e consolidar hábitos de estudo e de traballo; prepararlos/as para a súa incorporación a estudos posteriores e para a vida laboral, e formalos/as para o exercicio dos seus dereitos e das súas obrigas na vida como cidadáns e cidadás.

Son **obxectivos da ESO** desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

1. Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
2. Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoa.
3. Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
4. Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
5. Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
6. Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
7. Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
8. Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
9. Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

10. Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
11. Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
12. Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
13. Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
14. Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

Todos os obxectivos anteditos poderán traballarse desde o noso Departamento, en maior ou menor grao. Algúns, como o 11, máis indirectamente.

O **bacharelato** pola súa parte ten como finalidade proporcionarlle ao alumnado formación, madurez intelectual e humana, coñecementos e habilidades que lle permitan desenvolver funcións sociais e incorporarse á vida activa e laboral con responsabilidade e competencia. Así mesmo, capacitará o alumnado para acceder á educación superior.

Son **obxectivos do bacharelato** desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

1. Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do

Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.

2. Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
3. Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
4. Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
5. Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
6. Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
7. Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
8. Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
9. Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
10. Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
11. Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

12. Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
13. Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.
14. Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
15. Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

Os obxectivos que de forma específica menos traballaríamos no noso departamento serían o 3, 7, 10 e 11.

Alén dos xerais, cada curso terá uns obxectivos específicos, atendendo a cadanseus contidos.

Obxectivos para Segundo da ESO

- Que as alumnas e os alumnos adopten unha actitude crítica e reflexiva perante a información achegada polos diversos medios de comunicación.
- Que saiban analizar o contido de textos escritos, especialmente narrativos, coa detección dos seus temas e subtemas.
- Que saiban emitir en voz alta, facendo as necesarias inflexións nos grupos fónicos, na entoación e nos trazos fonéticos máis salientábeis do galego.
- Que sexan competentes no uso adecuado dos nexos, conectores e/ou marcadores textuais.
- Dominio da morfoloxía nominal e verbal, nomeadamente do substantivo e do verbo como eixos da estrutura lingüística.
- Coñecemento e uso dun vocabulario e fraseoloxía suficientes para a normal expresión nos diferentes campos léxicos.
- Coñecemento reflexivo da realidade sociolingüística na actualidade.
- Coñecemento das variedades xeográficas do galego como parte integrante do conxunto lingüístico que compoñen.
- Que os alumnos saiban ler obras literarias de non longa extensión, apreciando nelas o seu valor estético, o contexto extraliterario e a intención comunicativa.

Obxectivos para Cuarto da ESO

- Continuidade e intensificación dos obxectivos do curso anterior a respecto da comprensión e emisión oral.
- Desenvolvemento das análises e deteccións temáticas no plano da escrita que se traballaran no anterior curso, así como das destrezas na correcta emisión, demostrando un coñecemento das normas e das técnicas de expresión escrita.
- Coñecemento teórico e práctico das estruturas da lingua (nexos, conectores...), orientando tamén esta reflexión lingüística ao plano literario (metáforas, metonimias, paráfrases...).
- Coñecemento e uso práctico da morfoloxía, e análise das estruturas sintácticas.
- Dominio do idioma no que atinxe a unha correcta fonética, ao vocabulario e fraseoloxía nos diversos campos de significación.
- Coñecemento sociolingüístico do idioma na sociedade actual, na Galiza, na Península Ibérica e no mundo, analizando a traxectoria do idioma e da súa situación ao longo do século XX e até a actualidade.
- Lectura individual de obras da literatura galega do século XX e mesmo do XXI, sabendo comentar os seus aspectos internos e a conexión coa realidade exterior.
- Saberem as alumnas e os alumnos expor un tema literario diante da clase, demostrando coñecemento temático e dominio dos procedementos da expresión oral.

Obxectivos 2º BACHARELATO

- Utilizar axeitadamente os diversos procedementos de construción de textos para a comunicación interpersonal e para a vida académica.
- Realizar exposicións orais planificadas, previa recollida de datos e información.
- Preparar traballos por escrito utilizando as posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías da comunicación para o intercambio de información.
- Analizar e comprender textos orais e escritos de todo tipo: linguaxe xurídico-administrativa, medios de comunicación e ámbitos de coñecemento especializado.
- Interpretar as ideas implícitas e explícitas de todo tipo de textos, identificando o rexistro utilizado, a organización interna do discurso e a súa intención comunicativa.
- Coñecer a historia externa da lingua e os contextos sociolingüísticos (o século XX e o XXI).
- Analizar o proceso de normalización lingüística e reflexionar sobre as implicacións do mesmo, no ámbito persoal e social.
- Comprender e respectar a situación plurilingüe do Estado.
- Apreciar a diversidade lingüística como unha riqueza cultural.

- Coñecer os distintos programas, seccións e características da lingua nos medios de comunicación de masas.
- Recoñecer as características fonéticas e fonolóxicas da lingua e aplicarlas correctamente na produción oral e escrita de textos.
- Aumentar a competencia lexical (léxico e fraseoloxía).
- Posuír hábitos de corrección e adecuación na presentación de todo tipo de textos segundo as convencións ortográficas e lingüísticas establecidas.
- Recoñecer as principais obras e autores da literatura galega dos séculos XX- XXI e as súas características.
- Adquirir o hábito da lectura e apreciála como fonte de pracer estético e de coñecemento dunha época histórica (Séc. XX e XXI).

4. CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES, INDICADORES E TEMPORALIZACIÓN

Os contidos da materia de Lingua Galega e Literatura agrúpanse en varios bloques.

O alumnado deberá adquirir uns coñecementos e destrezas básicas que lle permitan adquirir unha cultura xeral. Os alumnos e alumnas deben identificarse como axentes activos e recoñecer que das súas actuacións e coñecementos dependerá o desenvolvemento da súa cultura.

2ºESO			
Bloque 1. Comunicación oral: escoitar e falar			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
B1.1. Comprensión, interpretación e resumo de novas de actualidade e de informacións de crónicas, reportaxes e documentais procedentes dos medios de comunicación audiovisual.	B1.1. Comprender e interpretar a intención comunicativa, o tema, as ideas principais e os datos relevantes de diferentes textos orais dos medios de comunicación (crónicas, reportaxes e documentais) e elaborar esquemas e resumos.	LGB1.1.1. Comprende o sentido global e identifica a intención comunicativa de textos orais de carácter informativo propios dos medios de comunicación audiovisual (reportaxes, crónicas e documentais). LGB1.1.2. Traslada a información relevante de discursos orais dos medios de comunicación audiovisual a esquemas ou resumos.	CCL CCA CCL CCA
B1.2. Comprensión, interpretación e valoración de textos orais utilizados no ámbito social e educativo.	B1.2. Extraer a intención comunicativa, o tema, as ideas principais e os datos relevantes de diferentes textos orais dos ámbitos social e educativo.	LGB1.2.1. Recoñece, xunto ao propósito e a idea xeral, os feitos e datos relevantes en textos orais do ámbito social e educativo. LGB1.2.2. Comprende e segue instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe con progresiva autonomía	CCL CAA CAA CCL CSC
B1.3. Desenvolvemento de habilidades de escoita activa con actitude de interese, cooperación e respecto ante as intervencións orais, sobre todo en exposicións do profesorado ou do alumnado.	B1.3. Coñecer e usar as normas de cortesía nas intervencións orais propias e alleas, tanto espontáneas como planificadas.	LGB1.3.1. Coñece e aprecia e usa as normas que rexen a cortesía na comunicación oral (intervén na orde que lle corresponde, manifesta respecto polas opinións alleas e recoñece e rexeita a linguaxe discriminatoria). LGB1.3.2. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos e o significado da linguaxe non verbal.	CCL CSC CSIE CCL
B1.4. Escoita crítica e reflexiva das mensaxes discriminatorias dos medios de comunicación, con especial atención aos programas informativos: noticias reportaxes e crónicas	B1.4. Identificar o propósito comunicativo en textos orais dos medios de comunicación, analizar criticamente os seus contidos e interpretar as connotacións identificar mensaxes discriminatorias implícitas.	LGB1.4.1. Diferencia as ideas principais e as secundarias e identifica a intención comunicativa de programas de carácter informativo: noticias, reportaxes e crónicas. LGB1.4.2. Compara o tratamento da mesma noticia en diferentes medios	CCL CAA CSIEE CSC

<p>B1.5. Valoración das producións orais emitidas cunha fonética e prosodia correcta e cunha actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.</p>	<p>B1.5. Valorar as producións emitidas cunha fonética e prosodia correcta e mostrar unha actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.</p>	<p>de comunicación e extrae conclusións a partir das coincidencias e diferenzas atopadas. LGB1.4.3. Reflexiona sobre as mensaxes e rexeita os usos lingüísticos que levan implícitos prexuízos ou discriminacións.</p> <p>LGB1.5.1. .Aprecia a emisión dunha pronuncia correcta, recoñece os erros de produción oral propia e allea e propón solucións para melloralas LGB1.5.2. Comprende, interpreta e rexeita os prexuízos que se poidan asociar á pronuncia da lingua galega. LGB1.5.3. Usa, se a posúe, a variante dialectal propia e asúmea como a variedade habitual do seu contexto.</p>	<p>CAA</p> <p>CCL CAA</p> <p>CAA</p> <p>CCL CCCE</p>
<p>B1.6. Valoración das producións orais emitidas cunha fonética e prosodia correcta e actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.</p>	<p>B1.6. Produción de discursos orais, en intervencións espontáneas, adecuados á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.</p>	<p>LGB1.6.1. Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección. LGB1.6.2. Participa con fluidez nas intervencións orais espontáneas respectando as regras morfosintácticas desta lingua, en especial a colocación do pronome átono, así como a fonética galega (pronuncia das sete vogais, <i>n</i> velar e fonema fricativo palatal xordo). LGB1.6.3. Emprega nas intervencións orais espontáneas expresións propias do galego (fraseoloxía adecuada). LGB1.6.4. Emprega nas intervencións orais espontáneas un léxico rico e variado.</p>	<p>CCL CSC</p> <p>CCL</p> <p>CCL</p> <p>CCL</p>
<p>B1.7 . Coñecemento e aplicación, con axuda das TIC, de técnicas e estratexias para a produción de textos orais sobre temas de actualidade.</p>	<p>B1.7. Coñecer e aplicar, con axuda das TIC, técnicas e estratexias para realizar exposicións orais planificadas.</p>	<p>LGB1.7.1. Consulta os medios de información dixitais para seleccionar contidos relevantes e incorporalos ás súas producións. LGB1.7.2. Emprega as TIC para facer as súas presentacións máis claras e atractivas visualmente.</p>	<p>CCL CD CSCEE</p> <p>CCL CSC CD</p>
<p>B1.8. Participación activa en situacións propias do ámbito académico que xeren intercambio de opinión.</p>	<p>B1.8.Participar activamente en situacións propias do ámbito académico que xeren intercambio de opinión.</p>	<p>LGB1.8.1.Intervén en debates e coloquios do ámbito educativo con respecto ás regras de interacción e ás opinións alleas. LGB1.8.2.Cínguese ao tema, non divaga e atende ás instrucións da persoa moderadora nos debates e coloquios.</p>	<p>CCL CSC CD</p> <p>CCL CSC</p>
<p>B1.9. Coñecemento, uso e aplicación de estratexias necesarias para falar en público: planificación do discurso, prácticas orais formais e informais.</p>	<p>B1.9.Aplicar técnicas e estratexias para falar en público, en situacións formais ou informais, de forma individual ou en grupo.</p>	<p>LGB1.8.1.Intervén en debates e coloquios do ámbito educativo con respecto ás regras de interacción e ás opinións alleas. LGB1.8.2.Cínguese ao tema, non divaga e atende ás instrucións da persoa moderadora nos debates e coloquios.</p> <p>LGB1.9.1.Elabora guións para organizar os contidos de exposicións formais ou informais breves. LGB1.9.2. fai uso dos aspectos prosódicos da linguaxe non verbal (a presentación, a posta en escena, os xestos e a mirada), manifesta</p>	<p>CCL CSC CSIEE</p> <p>CAA</p> <p>CCL CSC CSIEE</p> <p>CCL CSC</p>

<p>B1.10. Construción de discursos adecuados, cohesionados e coherentes desde o punto de vista comunicativo, sobre temas de interese persoal ou social da vida cotiá e académica.</p>	<p>B1.10. Producir discursos breves e comprensibles, nun rexistro neutro, informal ou máis culto sobre temas da vida cotiá ou escolar.</p>	<p>autocontrol das emocións ao falar en público e dirixese ao auditorio con autoconfianza e seguridade. LGB1.9.3. Adecúa a súa pronuncia á finalidade da práctica oral. LGB1.9.4. Incorpora progresivamente palabras propias do nivel formal ás súas producións orais. LGB1.9.5. Analiza similitudes e diferenzas entre discursos formais e espontáneos. LGB1.9.6. Recoñece e avalía erros (repeticións de conectores, pobreza léxica, castelanismos) nos discursos orais propios e alleos e trata, progresivamente, de evitalos.</p> <p>LGB1.10.1. Participa en conversas informais nos que intercambia información e expresa a súa opinión, fai invitacións e ofrecementos, e pide e dá indicacións ou instrucións sinxelas. LGB1.10.2. Desenvólvese correctamente en situacións da vida cotiá que implique solicitar unha información ou un servizo. LGB1.10.3. Utiliza as fórmulas de tratamento e as regras de cortesía axeitadas ao destinatario e á situación comunicativa. LGB1.10.4. Analiza similitudes e diferenzas entre discursos formais e espontáneos.</p>	<p>CCL CAA</p> <p>CAA CCL</p> <p>CCL CSC CSIEE CCEC</p> <p>CSC CSIEE</p> <p>CCL CSC</p> <p>CCL CAA</p>
---	---	--	--

Bloque 2. Comunicación escrita: ler e escribir

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	CC
<p>B2.1. Coñecemento e uso de técnicas de análise do contido e estratexias de lectura comprensiva: esquemas, resumos, etc.</p>	<p>B2.1. Aplicar os coñecementos sobre a lingua e as normas do uso lingüístico para resolver problemas de comprensión.</p>	<p>LGB2.1.1. Analiza e sintetiza o contido dun texto en resumos e esquemas que estruturan visualmente as ideas. LGB2.1.2. Busca o significado do léxico descoñecido a partir do contexto, analiza a forma das palabras ou usa dicionarios para contextualizar as acepcións. LGB2.1.3. Identifica a idea principal e as secundarias e comprende a relación existente entre elas. LGB2.1.4. Relaciona a información explícita e implícita dun escrito en función do contexto. LGB2.1.5. Compila información para comprender e ampliar o coñecemento das mensaxes: busca bibliografía; consulta libros, revistas, xornais; utiliza recursos audiovisuais e buscadores de internet. LGB2.1.6. Contrasta os contidos dos textos analizados cos coñecementos propios, antes e despois da lectura.</p>	<p>CCL CAA</p> <p>CCL CAA</p> <p>CCL</p> <p>CCL</p> <p>CCL CAA</p> <p>CCL CAA</p>

<p>B2.2.Comprensión e interpretación de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais en ámbitos próximos á experiencia do alumnado: diarios, cartas persoais, avisos e solicitudes.</p>	<p>B2.2.Comprender, interpretar e sintetizar textos da vida cotiá e das relacións sociais en ámbitos próximos á experiencia do alumnado: diarios, cartas persoais, avisos e solicitudes.</p>	<p>LGB2.2.1. Comprende, interpreta e sintetiza o contido de textos propios da vida cotiá: diarios, cartas persoais, avisos e solicitudes.</p>	<p>CCL CSC</p>
<p>B2.3.Comprensión e interpretación, en formato papel e dixital, de textos propios dos medios de comunicación (noticias).</p>	<p>B2.3.Comprender, interpretar e sintetizar escritos dos medios de comunicación, especialmente, os narrativos e expositivos de estrutura descritiva e secuencial.</p>	<p>LGB2.2.2. Comprende instrucións escritas de certa complexidade que lle permiten desenvolverse en situacións da vida cotiá.</p>	<p>CCL CSC</p>
<p>B2.4. Comprensión e interpretación, en formato papel ou dixital, de textos propios da vida educativa, especialmente, os instrutivos e expositivos: webs educativas, dicionarios, glosarios e enciclopedias</p>	<p>B2.4. Comprender e interpretar, en formato papel ou dixital, de textos propios da vida educativa, especialmente, os instrutivos e expositivos: webs educativas, dicionarios, glosarios e enciclopedias.</p>	<p>LGB2.2.3. Comprende e interpreta normas de convivencia, regras de xogos, correspondencia escolar.</p>	<p>CCL CSC</p>
<p>B2.5.Uso, progresivamente autónomo, da biblioteca e das TIC para seleccionar información.</p>	<p>B2.4. Comprender e interpretar, en formato papel ou dixital, de textos propios da vida educativa, especialmente, os instrutivos e expositivos: webs educativas, dicionarios, glosarios e enciclopedias.</p>	<p>LGB2.3.1. Comprende e interpreta textos propios dos medios de comunicación (noticias).</p>	<p>CCL CSC</p>
<p>B2.6. Actitude reflexiva e crítica ante a lectura para identificar usos lingüísticos discriminatorios, manifestar posturas de acordo e desacordo e expor razoadamente as ideas respectando as ideas dos demais.</p>	<p>B2.4. Comprender e interpretar, en formato papel ou dixital, de textos propios da vida educativa, especialmente, os instrutivos e expositivos: webs educativas, dicionarios, glosarios e enciclopedias.</p>	<p>LGB2.3.2. Localiza a información destacada de textos propios dos medios de comunicación: portadas e titulares.</p>	<p>CCL</p>
<p>B2.7. Lectura en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa e á súa función, con posibilidade de usar recursos audiovisuais para o rexistro de voz.</p>	<p>B2.5. Seleccionar a información que se obtén nas bibliotecas, nas TIC e outras fontes e integrar os coñecementos adquiridos non proceso de aprendizaxe continua.</p>	<p>LGB2.4.1. Comprende, interpreta e sintetiza textos propios da vida académica especialmente os instrutivos e expositivos: webs educativas, información de dicionarios, glosarios e enciclopedias en distintos soportes.</p>	<p>CCL CAA CD</p>
<p>B2.8. Planificación e revisión do escrito en función da situación comunicativa (tema, fins e destinatarios) para</p>	<p>B2.5. Seleccionar a información que se obtén nas bibliotecas, nas TIC e outras fontes e integrar os coñecementos adquiridos non proceso de aprendizaxe continua.</p>	<p>LGB2.4.2. Identifica as características específicas de todo tipo de textos nos que se expoñan feitos e se expliquen ideas e conceptos das distintas materias curriculares.</p>	<p>CL</p>
<p>B2.6. Actitude reflexiva e crítica ante a lectura para identificar usos lingüísticos discriminatorios, manifestar posturas de acordo e desacordo e expor razoadamente as ideas respectando as ideas dos demais.</p>	<p>B2.6. Amosar unha actitude reflexiva e crítica ante a lectura que permita identificar usos lingüísticos discriminatorios e manifestar posturas de acordo ou desacordo e respecto ás mensaxes expresadas</p>	<p>LGB2.5.1. Utiliza, de forma progresivamente autónoma, diversas fontes de información e integra os coñecementos adquiridos nos seus discursos orais e escritos.</p>	<p>CCL CCA</p>
<p>B2.7. Lectura en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa e á súa función, con posibilidade de usar recursos audiovisuais para o rexistro de voz.</p>	<p>B2.6. Amosar unha actitude reflexiva e crítica ante a lectura que permita identificar usos lingüísticos discriminatorios e manifestar posturas de acordo ou desacordo e respecto ás mensaxes expresadas</p>	<p>LGB2.5.2. Coñece e utiliza habitualmente dicionarios impresos ou en versión dixital.</p>	<p>CCL CD CAA</p>
<p>B2.8. Planificación e revisión do escrito en función da situación comunicativa (tema, fins e destinatarios) para</p>	<p>B2.7.Ler en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa e á súa función.</p>	<p>LGB2.5.3. Coñece o funcionamento das bibliotecas, así como as bibliotecas dixitais e é quen de solicitar libros e vídeos de xeito autónomo.</p>	<p>CCL CCA CD</p>
<p>B2.8. Planificación e revisión do escrito en función da situación comunicativa (tema, fins e destinatarios) para</p>	<p>B2.8.Usar procedementos de planificación e revisión para</p>	<p>LGB2.6.1. Detecta mensaxes que transmiten prexuízos e evita usos lingüísticos discriminatorios.</p>	<p>CCL CSC</p>
<p>B2.8. Planificación e revisión do escrito en función da situación comunicativa (tema, fins e destinatarios) para</p>	<p>B2.8.Usar procedementos de planificación e revisión para</p>	<p>LGB2.6.2. Identifica e expresa posturas de acordo e desacordo sobre aspectos parciais ou globais dun texto.</p>	<p>CCL CSC</p>
<p>B2.4. Análise e comentario de textos expositivos e argumentativos de varios ámbitos (Obxectivos d, f, h).</p>	<p>B2.4. Analizar e comentar textos argumentativos e expositivos do ámbito académico, xornalístico, profesional e empresarial.</p>	<p>LGB2.4.1. Describe os trazos lingüísticos de textos expositivos e argumentativos. LGB2.4.2. Recoñece e explica os estilos directo, indirecto e indirecto libre.</p>	<p>CCL</p> <p>CCL</p>
<p>B2.5. Busca e selección de información de fontes bibliográficas ou dixitais, organización e revisión das producións con recursos das TIC (Obxectivos b, e, f, h).</p>	<p>B2.5. Extraer información de fontes bibliográficas e dixitais e usar as TIC ao longo de todo o proceso de escritura.</p>	<p>LGB2.5.1. Consulta información en fontes bibliográficas e dixitais e recompila os datos máis relevantes. LGB2.5.2. Respecta as normas de presentación dos traballos escritos, a organización en epígrafes, procedementos de cita, notas a pé de páxina, bibliografía. LGB2.5.3. Utiliza procesadores de textos e correctores ortográficos para mellorar a presentación e evitar erros</p>	<p>CCL CD CAA</p> <p>CCL CD</p>
<p>B2.6. Descrición e análise, en textos propios e alleos,</p>	<p>B2.6. Analizar os procedementos de</p>	<p>LGB2.6.1. Recoñece e utiliza recursos de</p>	<p>CCL CAA</p>

dos procedementos básicos de adecuación, coherencia e cohesión (Obxectivos b, f, h).	adecuación, coherencia e cohesión en producións propias ou alleas.	cohesión gramatical e léxico-semántica. LGB2.6.2. Describe os diferentes tipos de rexistro.	CCL CAA
--	--	--	------------

Bloque 3. Funcionamento da lingua

Contidos	Craterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	CC
B3.1. Pronuncia correcta dos fonemas e da fonética sintáctica (Obxectivo e).	B3.1. Definir e identificar os fonemas do galego.	LGB3.1.1. Define e identifica os fonemas da lingua galega. LGB3.1.2. Valora as normas fonéticas para facilitar a comunicación .	CCL CAA CCEC CCL CCEC
B3.2. Coñecemento e explicación das variedades dialectais de Galicia (Obxectivos d, e).	B3.2. Coñecer as variedades dialectais, explicar os seus trazos en manifestacións orais ou escritas e valorar a diversidade lingüística como parte do patrimonio cultural.	LGB3.2.1. Explica as principais variedades dialectais e valora a diversidade lingüística como parte do patrimonio cultural.	CCL CCEC
B3.3. Análise e explicación do léxico e os seus procedementos de formación (Obxectivo e).	B3.3. Recoñecer e explicar os procesos de formación de palabras e aplicar os coñecementos adquiridos para enriquecer o vocabulario.	LGB3.3.1. Explica os procedementos de formación de palabras. LGB3.3.2. Recoñece e analiza os tipos de morfemas.	CCL CAA CAA
B3.4. Coñecemento das unidades e funcións sintácticas (Obxectivo e).	B3.4. Explicar as unidades e funcións sintácticas e aplicar os coñecementos adquiridos na produción de textos.	LGB3.4.1. Recoñece as diferentes estruturas sintácticas e as súas relacións	CAA CCL
B3.5. Coñecemento das relacións e unidades sintácticas (Obxectivo e).	B3.5. Explicar as unidades e relacións semánticas.	LGB3.5.1. Identifica e explica as relación e unidades semánticas.	CAA CCL
B3.6. Participación en proxectos nos que se usen varias linguas relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos (Obxectivos b, e, h).	B3.6. Participar en proxectos nos que se usen varias linguas, relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos.	LGB3.6.1. Participa en proxectos nos que se utilizan varias linguas, relacionados cos elementos transversais e nos que se evitan estereotipos	CCL CAA CD

<p>B3.7. Identificación e progresiva utilización dos coñecementos sobre as linguas para desenvolver una competencia lingüística integrada (Obxectivos b, e).</p>	<p>B3.7. Participa en proxectos nos que se utilizan varias linguas, relacionados cos elementos transversais e nos que se evitan estereotipos.</p>	<p>LGB3.7.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos nunha das linguas para mellorar a comprensión e produción de textos traballados noutra.</p>	<p>CCL CAA</p>
--	--	--	---------------------------

Bloque 4. Lingua e sociedade

contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	CC
<p>B4.1. Estereotipos e prexuízos lingüísticos: a súa repercusión nos usos (Obxectivos m, n). B4.2. Elaboración de traballos individuais ou en grupo sobre cuestións sociolingüísticas.(Obxectivos m,n).</p> <p>B4.3. A construción da variedade estándar (Obxectivos m, n, h). B4.4. As interferencias lingüísticas: os castelanismos (Obxectivos m, n, h).</p> <p>B4.5. Historia da lingua: o Galego Moderno (de 1916 a 1978), contexto histórico e cultural, situación sociolingüística e</p>	<p>B4.1. Recoñecer os estereotipos e prexuízos lingüísticos, determinar a súa repercusión nos usos e elaborar traballos individuais ou en grupo os que se analicen cuestión sociolingüísticas.</p> <p>B4.2. Describir e interpretar o proceso de construción da variante estándar da lingua galega, recoñecer as interferencias lingüísticas no galego con especial atención aos castelanismos e desenvolver un discurso propio libre destes elementos.</p> <p>B4.3. Distinguir as características do Galego Moderno de 1916 a 1978, identificalo en textos e describir o seu contexto.</p>	<p>LGB4.1.1. Recoñece os estereotipos e prexuízos lingüísticos e determina as súas repercusións nos usos. LGB4.1.2. Elabora traballos individuais ou en grupo en que se describen e analizan cuestións sociolingüísticas.</p> <p>LGB4.2.1 Describe e interpreta o proceso de construción do estándar LGB4.2.2. Recoñece as interferencias, especialmente os castelanismos, e libera o seu discurso deses elementos.</p> <p>LGB4.3.1. Distingue as características lingüísticas fundamentais do Galego Moderno. LGB4.3.2. Describe o contexto histórico e cultural do Galego Moderno de 1978 á</p>	<p>CC</p> <p>CCL CSC</p> <p>CCL CSC</p> <p>CCL</p> <p>CCL CCEC</p> <p>CCL</p> <p>CCL CSC</p>

<p>características lingüísticas (Obxectivos m, n).</p> <p>B4.6. Historia da lingua: o Galego Moderno (de 1978 á actualidade), contexto histórico e cultural, situación sociolingüística e legal e características lingüísticas (Obxectivos m, n).</p> <p>B4.7. Esquema das etapas da historia da lingua e principais características (Obxectivos m, n). B4.8. A evolución da conciencia lingüística (Obxectivos m, n).</p> <p>B4.8. A evolución da conciencia lingüística. o galego lingua en proceso de normalización (Obxectivos m, n).</p>	<p>B4.4. Distinguir as características lingüísticas fundamentais do Galego Moderno de 1978 á actualidade e identificalo en textos, recoñecelo como lingua en vías de normalización e elaborar traballos sobre historia da lingua.</p> <p>B4.5. Elaborar una descrición esquemática na que se detallen as diferentes etapas da historia da lingua galega e as súas principais características.</p> <p>B4.6. Analizar e interpretar a evolución da conciencia lingüística na historia da lingua galega.</p>	<p>actualidade e a súa situación sociolingüística.</p> <p>LGB4.3.3. Diferenciar e describir as etapas entre 1916 e 1978 desde o punto de vista sociolingüístico.</p> <p>LGB4.3.4. Analiza a importancia da etapa 1916-78 no desenvolvemento posterior da lingua.</p> <p>LGB4.3.5. Identifica o Galego Moderno (de 1916 a 1978) en todo tipo de escritos.</p> <p>LGB4.4.1. Distingue as características lingüísticas fundamentais do Galego Moderno.</p> <p>LGB4.4.2. Describe o contexto histórico e cultural do Galego Moderno de 1978 á actualidade e a súa situación sociolingüística.</p> <p>LGB4.4.3. Analiza a importancia da etapa de 1978 á actualidade no desenvolvemento do galego.</p> <p>LGB4.4.4. Recoñece o galego como lingua en vías de normalización e sinala as súas fortalezas e debilidades.</p> <p>LGB4.4.5. Sinala as principais características lingüísticas en todo tipo de textos de 1978 á actualidade.</p> <p>LGB4.5.1. Elabora unha descrición esquemática na que se detallen as diferentes etapas da historia da lingua e as súas principais características.</p> <p>LGB4.6.1. Analiza e interpreta a evolución da conciencia lingüística na historia da lingua galega (Competencias clave CCL, CSC).</p>	<p>CCL</p> <p>CCL CSC</p> <p>CCL</p> <p>CCL</p> <p>CCL CSC</p> <p>CCL CSC</p> <p>CCL CSC</p> <p>CCL</p> <p>CCL</p> <p>CCL CSC</p>
Bloque 5. Educación literaria			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	CC
B5.1. A literatura galega de 1916 a 1936: A poesía: autores de vangarda e outros.	B5.1. Analizar a literatura galega de 1916 a 1936: A poesía: autores de vangarda e outros autores.	LGB5.1.1. Analiza a poesía galega de 1916 a 1936: autores de vangarda e outros. LGLB5.1.2. Analiza a prosa galega de 1916 a 1936: autores das Irmandades, Grupo Nós (narrativa e ensaio) e outros	CCL CCL

<p>A prosa: autores das Irmandades, Grupo Nós (narrativa e ensaio) e outros autores. O teatro: autores das Irmandades, vangardas e Grupo Nós. (Obxectivos h, l).</p>	<p>A prosa: autores das Irmandades, Grupo Nós (narrativa e ensaio) e outros autores. O teatro: autores das Irmandades, vangardas e Grupo Nós.</p>	<p>autores. LGB5.1.3. Analiza o teatro galego de 1916 a 1936: autores das Irmandades, vangardas e Grupo Nós.</p>	<p>CCL</p>
<p>B5.2. Lectura e comentario de textos significativos da literatura galega de 1916 a 1936, identificación das súas características temáticas e formais e relación co contexto histórico e sociolingüístico (Obxectivos h, l).</p>	<p>B5.2. Ler e comentar textos significativos da literatura galega de 1916 a 1936, identificar as súas características temáticas e formais e poñelas en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e o xénero ao que pertencen.</p>	<p>LGB5.2.1. Le e comenta textos significativos da poesía galega de 1916 a 1936, caracterizaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto. LGLB5.2.2. Le e comenta textos representativos da prosa galega de 1916 a 1936, caracterizaos formal e tematicamente e ponos en relación co contexto. LGLB5.2.3. Le e comenta textos significativos do teatro galego de 1916 a 1936, caracterizaos formal e tematicamente e ponos en relación co contexto.</p>	<p>CCL CCL CCL</p>
<p>B5.3. A literatura galega de 1936 a 1975: A poesía. A produción bélica e os autores do exilio. A Xeración de 1936, a Promoción de Enlace e a Xeración das festas Minervais. A prosa: a produción bélica e os autores do exilio. Os renovadores da prosa: Fole, Blanco-Amor, Cunqueiro e Neira Vilas. A Nova Narrativa. Os autores dos primeiros 70. O teatro: o teatro do exilio. A Xeración dos 50 e o Grupo de Ribadavia.</p>	<p>B5.3. Analizar a literatura galega de 1936 a 1975: A poesía: produción bélica e autores do exilio. Xeración de 1936, Promoción de Enlace e Xeración das festas Minervais. A prosa: produción bélica e autores do exilio. Renovadores da prosa: Fole, Blanco-Amor, Cunqueiro e Neira Vilas. Nova Narrativa Galega. Autores dos primeiros setenta. O teatro: teatro do exilio, Xeración dos 50 e grupo de Ribadavia.</p>	<p>LGB5.3.1. Analiza a poesía galega entre 1936 e 1975: produción bélica e autores do exilio, Xeración de 1936, Promoción de Enlace e Xeración das Festas Minervais LGB5.3.2. Analiza a prosa galega entre 1936 e 1975 LGB5.3.3. Analiza o teatro galego entre 1936 e 1976</p>	<p>CCCL CCL CCL</p>
<p>B5.4. Lectura e comentario de textos significativos da literatura galega de 1936 a 1975. Identificación das súas características temáticas e formais e relación co contexto histórico e sociolingüístico (Obxectivos h, l).</p>	<p>B5.4. Ler e comentar textos significativos da literatura galega de 1936 a 1975, identificar as súas características temáticas e formais e poñelas en relación co contexto e o xénero ao que pertencen.</p>	<p>LGB5.4.1. Le e comenta textos significativos da poesía galega de 1936 a 1975, caracterizaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto e o xénero ao que pertencen. LGB5.4.2. Le e comenta textos significativos da prosa galega de 1936 a 1975, caracterizaos formal e tematicamente e ponos en relación co contexto e o xénero ao que pertencen. LGB5.4.3. Le e comenta textos representativos do teatro galego de</p>	<p>CCL CCL CCL</p>

<p>B5.5. A literatura galega de 1975 á actualidade: A poesía: temas, (sub)xéneros e estéticas dos principais autores dos 80, 90 e novo século. A prosa: temas, (sub)xéneros e estéticas dos principais autores dos 80, 90 e novo século. O teatro: temas, (sub)xéneros e estéticas dos principais autores dos 80, 90e novo século (Obxectivos h, l).</p> <p>B5.6. Lectura e comentario de textos significativos da literatura galega de 1975 á actualidade, identificación das súas características temáticas e formais e relación co contexto histórico e sociolingüístico (Obxectivos h, l).</p> <p>B5.7. Análise e comentario, a través de probas ou traballos, de cando menos una obra de cada período (Obxectivos h, l).</p>	<p>B5.5. Analizar a literatura galega de 1975 á actualidade (poesía, prosa e teatro: xéneros, autores e estéticas e autores dos 80, 90 e o novo século).</p> <p>B5.6. Ler e comentar textos significativos da literatura galega de 1975 á actualidade, identificar as súas características temáticas e formais e poñelas en relación co contexto e o xénero ao que pertencen.</p> <p>B5.7. Analizar e comentar, a través de probas escritas ou traballos, cando menos una obra completa do período estudado.</p>	<p>1936 a 1975, caracterízaos formal e temáticamente e ponos en relación co contexto e o xénero ao que pertencen.</p> <p>LGB5.5.1. . Analiza a poesía galega de 1975 á actualidade LGB5.5.2. Analiza a prosa galega de 1975 á actualidade LGB5.5.3. Analiza o teatro galego de 1975 á actualidade</p> <p>LGB5.6.1. Le e comenta textos significativos da poesía galega de 1975 á actualidade, identifica as súas características e ponos en relación co contexto e o xénero ao que pertencen. LGB5.6.2. Le e comenta textos significativos da prosa galega de 1975 á actualidade, identifica as súas características e ponos en relación co contexto e o xénero ao que pertencen. LGB5.6.3. Le e comenta textos significativos do teatro galego de 1975 á actualidade, identifica as súas características e ponos en relación co contexto e o xénero ao que pertencen.</p> <p>LGB5.7.1. Analiza e comenta, a través de probas escritas ou traballos, cando menos una obra completa do período estudado.</p>	<p>CCL</p> <p>CCL</p> <p>CCL</p> <p>CCL</p> <p>CCL</p> <p>CCL</p> <p>CCL</p>
---	---	---	--

Grao mínimo de consecución dos estándares de aprendizaxe para superar a materia de 2º de BACHARELATO

Sintetizamos os estándares nuns básicos, que recollen o esencial dos cinco bloques de contidos, dos que concretaremos a temporalización, o grao mínimo de consecución para superar a materia, os procedementos e instrumentos de avaliación, os niveis de adquisición de cada estándar (indicadores de logro) e os elementos transversais que se traballarán. Relaciónanse cos contidos mínimos esixibles. Reformulámoslos e poñémolos en relación coas competencias clave.

LGB1. Comprende, interpreta e produce textos orais e audiovisuais con coherencia, cohesión e corrección fonética e prosódica, coa axuda das TIC, respectando as regras de interacción (CCL, CD, CSC).

LGB2. Comprende, interpreta e produce textos escritos con coherencia, cohesión e corrección ortográfica, elaborando resumos e esquemas que identifiquen o tema e a estrutura e utilizando recursos das bibliotecas e as TIC (CCL, CD, CAA, CMCCT).

LGB3. Utiliza un vocabulario amplo e as regras ortográficas e morfolóxicas do idioma (CCL).

LGB3. Recoñece as clases de palabras e as súas funcións sintácticas, así como os principais procedementos de cohesión textual. (CCL, CMCCT).

LGB4. Coñece a situación sociolingüística de Galicia e a súa relación co mundo lusófono, así como a diversidade lingüística (CCL, CSC, CCEC).

LGB4. Coñece a historia social da lingua galega desde 1916 á actualidade (CCL, CSC, CCEC).

LGB5. Le obras e textos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade; coméntaa e emite opinións coherentes e ben argumentadas. (CCL, CCEC, CSIEE, CAA).

Temporalización

Todos os estándares serán traballados en cada avaliación. A temporalización deste curso está dalgún xeito condicionada polo calendario da CIUG. Os bloques 1,2 e 3 están presentes ao longo de todo o curso, mentres que os bloques 4 e 5 serán repartidos do seguinte xeito:

1ª Avaliación:

B4.1. Estereotipos e prexuízos lingüísticos: a súa repercusión nos usos.

B4.2. Elaboración de traballos individuais ou en grupo sobre cuestións sociolingüísticas

B4.5. Historia da lingua: o Galego Moderno (de 1916 a 1936), contexto histórico e cultural, situación sociolingüística e características lingüísticas.

B5.1. A literatura galega de 1916 a 1936: A poesía: autores de vangarda e outros. A prosa: autores das Irmandades, Grupo Nós (narrativa e ensaio) e outros autores. O teatro: autores das Irmandades, vangardas e Grupo Nós.

B5.2. Lectura e comentario de textos significativos da literatura galega de 1916 a 1936, identificación das súas características temáticas e formais e relación co contexto histórico e sociolingüístico.

2ª Avaliación

B4.3. A construción da variedade estándar.

B4.4. As interferencias lingüísticas: os castelanismos.

B4.5. Historia da lingua: o Galego Moderno (de 1936 a 1975), contexto histórico e cultural, situación sociolingüística e características lingüísticas.

B4.8. A evolución da conciencia lingüística. o galego lingua en proceso de normalización

B5.3. A literatura galega de 1936 a 1975:

A poesía. A produción bélica e os autores do exilio. A Xeración de 1936, a Promoción de Enlace e a Xeración das festas Minervais. A prosa: a produción bélica e os autores do exilio. Os renovadores da prosa: Fole, Blanco-Amor, Cunqueiro e Neira Vilas. A Nova Narrativa. Os autores dos primeiros 70. O teatro: o teatro do exilio. A Xeración dos 50 e o Grupo de Ribadavia.

B5.4. Lectura e comentario de textos significativos da literatura galega de 1936 a 1975. Identificación das súas características temáticas e formais e relación co contexto histórico e sociolingüístico.

3ª Avaliación

B4.5. Historia da lingua: o Galego Moderno (de 1975 ata hoxe), contexto histórico e cultural, situación sociolingüística e características lingüísticas.

B5.5. A literatura galega de 1975 á actualidade:

A poesía: temas, (sub)xéneros e estéticas dos principais autores dos 80, 90 e novo século.

A prosa: temas, (sub)xéneros e estéticas dos principais autores dos 80, 90 e novo século.

O teatro: temas, (sub)xéneros e estéticas dos principais autores dos 80, 90 e novo século.

B5.6. Lectura e comentario de textos significativos da literatura galega de 1975 á actualidade, identificación das súas características temáticas e formais e relación co contexto histórico e sociolingüístico.

Ditos bloques de contidos deberán recoller os correspondentes estándares de aprendizaxe para avaliar os resultados.

Indicadores de logro

LGB1. É quen de comprender textos orais.É quen de producir textos orais. É quen de manexar as TIC para a produción de textos. Respecta as regras de interacción. Utiliza correctamente a fonética e a prosodia.

LGB2. Elabora resumos e esquemas. Elabora textos escritos de diversa tipoloxía. Utiliza as bibliotecas e as TIC para as súas producións escritas

LGB3. Utiliza un vocabulario amplo así como as regras ortográficas e morfolóxicas correctamente.

LGB4. Recoñece as clases de palabras e as súas funcións. Recoñece os mecanismos de cohesión textual.

LGB4. Coñece a situación sociolingüística de Galicia e o seu vínculo coa lusofonía. Recoñece a importancia da diversidade lingüística.

LGB4. Coñece a historia social da lingua galega de 1916 ata hoxe. Reflexiona sobre a situación sociolingüística de Galicia ao longo da súa historia.

LGB5. Le comprensivamente textos da literatura galega de 1916 ata hoxe. Expressa as súas opinións sobre as lecturas oralmente e por escrito.

LGB5. Expressa as súas opinións sobre as lecturas oralmente e por escrito. Elabora textos de intención artística baseándose nas lecturas efectuadas.

Procedementos e instrumentos de avaliación relacionados cos estándares de aprendizaxes

Estándares	Procedementos e instrumentos
<p>B1. Comunicación oral. escoitar e falar: LGB1.1.1, 1.1.2, 1.1.3, 1.2.1, 1.2.2, 1.2.3, 1.3.1, 1.3.2, 1.3.3, 1.3.4, 1.4.1, 1.4.2, 1.4.3, 1.5.1, 1.5.2, 1.5.3, 1.5.4, 1.5.5, 1.5.6, 1.5.7, 1.5.8. (Escoitar). LGB1.6.1,1.6.2,1.6.3,1.6.4, 1.7.1,1.7.2,1.8.1,1.8.2,1.9.1,1.10.1, 1.10.2,1.11.1,1.11.2,1.11.3.(Falar).</p> <p>B2. Comunicación escrita. Ler e escribir: LGB2.1.1, 2.1.2, 2.1.3, 2.1.4, 2.2.1, 2.2.2, 2.2.3, 2.3.1, 2.3.2, 2.3.3, 2.3.4, 2.3.5, 2.3.6, 2.4.1, 2.4.2, 2.5.1, 2.5.2, 2.5.3, 2.6.1, 2.6.2. (Ler). LGB2.8.1, 2.9.1, 2.10.1, 2.10.2, 2.10.3. (Escribir).</p>	<p>Proba escrita de comprensión oral e rexistro cuantitativo Observación e rúbrica expresión oral. Proba escrita de comprensión lectora e rexistro cuantitativo Observación e rexistro cualitativo Producións textuais e rúbrica. Revisión do caderno e rexistro cuantitativo. Exame (un ou dous por avaliación, arredor da produción textual)</p>
<p>B3. Funcionamento da lingua: LGB3.1.1, 3.1.2, 3.2.1, 3.3.1, 3.3.2, 3.3.3,</p>	<p>Exame (un ou dous por avaliación e rexistro cuantitativo das notas).</p>

3.4.1, 3.5.1, 3.6.1, 3.7.1, 3.8.1, 3.9.1, 3.10.1, 3.11.1.		
B4. Lingua e sociedade: LGB4.1.1, 4.1.2, 4.2.1, 4.2.2, 4.3.1, 4.3.2, 4.3.3, 4.3.4, 4.3.5, 4.4.1, 4.4.2, 4.4.3, 4.4.4, 4.4.5, 4.5.1, 4.6.1.	Exame (un ou dous por avaliación e rexistro cuantitativo da nota). Observación da actitude cara á lingua e rexistro cualitativo.	
B5. Educación Literaria LGB5.1.1, 5.1.2, 5.1.3, 5.2.1, 5.2.2, 5.2.3, 5.3.1, 5.3.2, 5.3.3, 5.4.1, 5.4.2, 5.4.3, 5.5.1, 5.5.2, 5.5.3, 5.6.1, 5.6.2, 5.6.3, 5.7.1.	Exame (un ou dous por avaliación e rexistro cuantitativo da nota). Traballos individuais ou en grupos e rexistro cuantitativo que poderán puntuar á parte.	
Libro de lectura obrigatoria: Complementario do B2 e B5.	Proba escrita ou entrevista oral e rexistro cuantitativo .	

5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS DA MATERIA.

O apartado 2 do artigo 38 do Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia define o concepto de metodoloxía didáctica como o conxunto de estratexias, procedementos e accións organizadas e planificadas polo profesorado, de xeito consciente e reflexivo, coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado e o logro dos obxectivos suscitados.

5.1 Principios metodolóxicos xerais para ESO e Bacharelato.

O enfoque metodolóxico das programacións didácticas deberá fixar as estratexias que desenvolverá o profesorado para alcanzar os estándares de aprendizaxe avaliábeis previstos en cada materia e, de ser o caso, en cada ámbito, así como do logro dos coñecementos necesarios para a adquisición das competencias, isto leva consigo importantes cambios na concepción do proceso de ensino-aprendizaxe, na organización e na cultura escolar, o que requirirá dunha estreita colaboración entre docentes no desenvolvemento curricular e na transmisión de información sobre a aprendizaxe do alumnado, así como cambios na práctica de traballo e nos métodos de ensinanza. Desta forma, a intervención educativa deberá ter en conta como

principio a diversidade do alumnado, entendendo que deste xeito se garante o desenvolvemento de todo o alumnado e mais unha atención personalizada en función das necesidades de cadaquén. Os mecanismos de reforzo, que se deberán pór en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe, poderán ser tanto organizativos como curriculares.

A metodoloxía didáctica a aplicar han de optimizarse para acadar as metas propostas tendo en conta o contexto en que ten lugar a ensinanza. Por un lado, a natureza mesma da materia, os condicionantes socioculturais, os recursos e as características do alumnado (os cambios físicos propios da puberdade, o proceso aberto de definición da propia identidade, a inseguridade, o cuestionamento da autoridade establecida, a influencia do grupo de iguais etc) condicionan o proceso de ensino-aprendizaxe, polo que cómpre aplicar unha metodoloxía que teña presentes tales condicionantes; por outra banda, hai que ter en conta tamén as cambiantes posibilidades intelectuais do alumnado, así como o momento no que este completa o seu proceso de socialización. Consonte o anterior, deberase promover o traballo en equipo do profesorado, respectando a liberdade de cátedra, co obxecto de proporcionar un enfoque multidisciplinar do proceso educativo, garantindo a coordinación de todos os membros do equipo docente de cada grupo. Desta maneira, os métodos pedagóxicos deben partir da perspectiva do docente como orientador, promotor e facilitador do desenvolvemento competencial do alumnado, ademais debe enfocarse cara á realización de tarefas ou situación-problema formuladas cun obxectivo concreto, que o alumnado debe resolver facendo uso dos coñecementos, destrezas, actitudes e valores, así mesmo debe ter en conta a atención á diversidade e o respecto aos distintos ritmos e estilos de aprendizaxe mediante prácticas de traballo individual e cooperativo.

Así, para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deberán deseñarse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo. Para isto, aproveitaranse as posibilidades que ofrecen as metodoloxías de proxectos, sempre e cando non supoñan un abandono do coñecemento, entre outras, así como os recursos e as actividades da biblioteca escolar. Mais para que a aprendizaxe sexa eficaz cómpre tomar como referencia o nivel de partida, é dicir, o nivel competencial previo de cada alumno ou alumna. Aínda que, se o nivel competencial do que dispón, está moi lonxe dos novos contidos, non poderá conectar de xeito natural con eles o que derivará nunha aprendizaxe memorística, non comprensiva. É por isto que resulta necesario que o profesorado reforce os coñecementos

previos de xeito sistemático, xa que sobre eles se han asentar os novos coñecementos asentados nunha sólida estratexia memorística complementar.

Canto ao grao de motivación, este afecta directamente ao rendemento académico. Para incrementar a motivación convén que o/a docente faga explícita a utilidade dos contidos que se imparten, tanto no ámbito académico como no ambiente cotián do alumnado. Alén disto, presentar certas actividades, difíciles pero accesibles, como un reto vai aumentar o interese entre o alumnado o que facilitará o grao de autonomía e a consideración positiva cara ao esforzo, isto implica un novo papel do alumnado, activo e autónomo, consciente de ser responsable da súa aprendizaxe, no camiño de que o alumnado non só debe comprender o que aprende, senón para que o aprende e ser quen de usar o aprendido en contextos dentro e fóra da aula, a través dunha metodoloxía activa, participativa e contextualizada, unha aprendizaxe baseada en problemas para favorecer a implicación, a experimentación, a aprendizaxe funcional que posibilitará o desenvolvemento das competencias, coa finalidade de axudar o alumnado a organizar o seu pensamento favorecendo a reflexión crítica, a elaboración de hipóteses e a tarefa investigadora, proceso este no que cada un asume a responsabilidade da súa aprendizaxe, aplicando os seus coñecementos e habilidades a proxectos reais. É polo que un dos recursos metodolóxicos que pode facilitar o intercambio de experiencias e a cooperación entre o alumnado é o traballo en grupo, que constitúe non só un medio, senón un fin en si mesmo nunha sociedade cooperativa, con alicerce no coñecemento. Porén, para asegurar o éxito do traballo en grupo previamente hai que seleccionar con coidado a actividade e o momento máis apropiado para desenvolvela, definir claramente os obxectivos que se pretenden e o procedemento para realizala, establecer de xeito flexible a composición dos grupos e explicitar como e cando rematará a tarefa.

Polo que respecta á diversidade, tanto no que se refire a capacidades como a intereses, deberanse programar distintos niveis de dificultade, que poden requirir dunha atención individualizada ou en grupos reducidos, coa realización de actividades diferenciadas, adaptacións curriculares etc.

Por último, hai que facer fincapé no carácter multidisciplinar tanto da materia de Lingua galega e Literatura como de Lingua castelá e Literatura. Así, por un lado, os avances que o alumnado realice ao longo das etapas educativas en todas as materias van ser causa e consecuencia do progreso no seu dominio das linguas cooficiais; por outra banda, as deficiencias na comprensión e expresión lingüísticas adoitan desembocar en situacións de fracaso escolar. Isto debe levar á complicitade de todo o profesorado para que se implique no logro dos obxectivos básicos das áreas de Lingua galega e Literatura e Lingua castelá e Literatura, o que

redundará nunha mellora das condicións de aprendizaxe nas súas respectivas materias, aspecto este recollido nas recomendacións de mellora da calidade educativa.

En resumo, a metodoloxía xeral para ESO e Bacharelato debe partir da competencia inicial do alumnado; debe ser activa e participativa, favorecendo o traballo individual e cooperativo no logro do coñecemento poderoso; debe impulsar o traballo en equipo do profesorado e debe prestar atención á diversidade.

5.2. Didáctica de aspectos disciplinares concretos. Concreción didáctica para a materia de Lingua galega e Literatura.

Como xa apuntamos anteriormente, a metodoloxía didáctica será nomeadamente activa e participativa, favorecendo o traballo individual e o cooperativo do alumnado, así como o logro dos obxectivos e das competencias correspondentes, baseados no coñecemento.

Neste aspecto, as materias lingüísticas, en xeral, contribúen de forma importante ao desenvolvemento e aprendizaxe do currículo por canto que son instrumentos de comunicación, soporte básico do coñecemento, vehículo para as relacións sociais e para a expresión emocional. Por iso, os principios metodolóxicos non se aplican de xeito abstracto, senón sobre contidos disciplinares concretos, polo que convén definir a aplicación da metodoloxía en conexión coas actividades máis características da área, tendo en conta a necesidade de traballar coas catro destrezas básicas dun xeito integrado, neste sentido, para desenvolver o currículo da materia de lingua galega e literatura, propóñense as seguintes orientacións metodolóxicas:

- Adoptar un enfoque comunicativo no ensino e aprendizaxe da lingua, que faga do texto a unidade comunicativa fundamental e que favoreza o emprego do idioma en distintas funcións e contextos de uso. Por tanto, as habilidades e estratexias lingüísticas deben ser obxecto de especial atención sen por iso desdeñar a reflexión e o coñecemento do código lingüístico, traballando a comprensión oral basicamente con audicións, a fluidez lectora e a comprensión escrita en cada lectura, a expresión oral con exposicións, debates etc. e a expresión escrita con textos escritos de distinta tipoloxía.
- Proporcionar e traballar con textos de distinta natureza, especialmente expositivos e argumentativos.

- Promover a utilización da diversidade de fontes e recursos para a obtención da información. A busca guiada desta tanto na biblioteca coma na Internet ou noutros medios, así como a composición de textos utilizando distintos soportes.
- Propiciar, non só actividades individuais, senón tamén grupais, que favorezan o intercambio respectuoso de ideas, o discurso argumentativo e o espírito crítico e cooperativo.
- Ler, interpretar e valor obras literarias, ben individual, ben colectivamente, coa finalidade fomentar o gusto pola lectura e a capacidade de busca e elección, crítica e selectiva de libros e fontes de información.
- Crear dinámicas que impliquen o alumnado e o leven á participación na planificación e avaliación das súas actividades.
- Ofrecer actividades abertas que impliquen a busca, selección e tratamento da información, a posibilidade de tomar decisións e emitir opinións sobre diferentes cuestións de forma crítica.
- Fomentar a análise sociolingüística que debe levar a reflexionar criticamente sobre a situación social do galego, e que partirá da premisa de que o alumnado saiba distinguir, por unha parte, o uso das diferentes variedades internas da lingua e, por outra, os condicionantes que operan na elección dunha das dúas linguas en conflito na nosa comunidade (bilingüismo, diglosia, normalización, normativización). Neste senso estimularase a autoanálise de cada alumno/a e do seu contorno máis inmediato nos seus comportamentos sociolingüísticos, en comparación cos comportamentos xerais do país, a través de múltiples tarefas encamiñadas a conseguir dito obxectivo.
- Educar literariamente, para iso a literatura valerase dos textos co fin de servir de reforzo á consecución de obxectivos non só literarios, senón tamén históricos, sociolóxicos, culturais e sociolingüísticos.
- Practicar o comentario de texto literario que deberá conxugar o formalismo coa actitude criticista de cara a unha mellor argumentación persoal.

- Identificar as interferencias que serán obxecto dun tratamento detido. A través de textos de diferentes épocas o alumnado irá discriminando os castelanismos e valorando os motivos históricos e sociais que provocaron e provocan a súa aparición. Igualmente o traballo de depuración irá encamiñada a distinguir todo tipo de desviacións da norma.

5.3. Estratexias metodolóxicas. Orientacións.

A sociedade actual, en que se insire o noso alumnado, require das súas cidadás e dos seus cidadáns a capacidade de enfrontarse a unha gran cantidade de información. Por este motivo o seu tratamento é un dos obxectivos do sistema educativo. Este reto concrétase na necesidade de integrar o manexo de diversos soportes e fontes, utilizando tanto medios audiovisuais coma informáticos, enfrontando o alumnado coa tarefa de busca, selección, análise e interpretación da información, así como no desenvolvemento da capacidade crítica con respecto a ela, mediante un enfoque baseado na aprendizaxe do coñecemento e tendo presente a necesidade de traballar textos, sobre todo escritos, así como de fomentar o espírito cooperativo e crítico. A biblioteca do centro móstrase así como un recurso cun alto valor dentro da comunidade educativa que deberemos ter en conta á hora de programar as nosas actividades docentes. Débese ter en conta igualmente a necesidade de traballar coas catro destrezas básicas dun xeito integrado, ben que é aconsellable nesta etapa darlles prioridade a aquelas que se detecten como as máis deficitarias para o noso alumnado dependendo do contexto; concretado todo a través das seguintes estratexias metodolóxicas:

- Realizar actividades encamiñadas a coñecer as ideas previas que alumnado ten en torno aos contidos a traballar.
- Propor una exposición didáctica do/a profesor/a, que leve a presentar os obxectivos e os contidos dunha forma atractiva a fin de motivar o alumnado.
- Promover a comprensión lectora e o hábito lector. A este fin, incluímos na programación lecturas obrigatorias sobre as que se realizarán distintas actividades: debates na aula, guías de lectura, controis de lectura etc. Tamén se proporán lecturas recomendadas de carácter voluntario, avaliándoas positivamente.

- Desenvolver, por parte do/a profesor/a, unha exposición dos conceptos máis complexos e novos de xeito ameno pero con rigor, botando man, de ser aconsellable, das TIC, coa finalidade de promover o uso das mesmas.
- Traballar sobre textos modelo (orais ou escritos) de tipo descritivo, narrativo, expositivo, argumentativo etc. dependendo do curso; realizando exercicios, actividades e tarefas, a fin de desenvolver as competencias clave canto á expresión oral e escrita.
- Fomentar o traballo práctico individual: o alumnado creará textos do mesmo tipo ca o modelo traballado (planificar, xerar ideas, ordenalas, redactar, autocorrixir, reelaborar).
- Fomentar o traballo práctico cooperativo, por exemplo nas exposicións orais: investigación, selección de información e exposición oral do tema na aula, apoiándose nas TIC, e procurando fomentar a aprendizaxe activa e o traballo cooperativo.
- Levar a cabo unha corrección e reelaboración dos textos, polo/a profesor/a.
- Realizar exercicios de morfoloxía, sintaxe etc.
- Facer unha reflexión crítica sobre as ideas, de textos de temática variada, resumos, estrutura e esquemas das ideas do texto, e posteriores debates.
- Achegar o estudo da literatura tendo como elemento central de referencia non só o coñecemento teórico senón que tamén o texto literario (lectura, comprensión, audicións de poemas musicados películas sobre obras...). Traballar o comentario literario, desde a introdución progresiva na ESO ata chegar a unha maior complexidade no Bacharelato.
- Introducir de xeito progresivo a autoavaliación e a coavaliación a través de fichas, en tarefas concretas.

En resumo, as anteriores estratexias metodolóxicas enmárcanse no proxecto de favorecer que todos os coñecementos e as experiencias lingüísticas do alumnado contribúan ao desenvolvemento da súa competencia comunicativa plurilingüe, para iso terase en conta o proxecto lingüístico do centro de cara á impartición do currículo integrado das linguas, cando menos desde unha perspectiva de acordos sobre criterios metodolóxicos básicos de actuación en todas as linguas, sobre a terminoloxía que se vaia empregar, e o tratamento que se lles dará aos contidos, aos criterios de avaliación e aos estándares de aprendizaxe similares en cada materia lingüística, de xeito que se evite a repetición dos aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua.

6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Na etapa educativa da **ESO**, o alumnado contará nos catro cursos cun libro de texto que servirá de base para organizar as actividades de aprendizaxe. A seguir os libros elixidos polo Departamento:

- Segundo de ESO : Lingua Galega e Literatura 2ºESO. Editorial ANAYA. ISBN: 978-84-698-1859-6. Para reforzar algún aspecto concreto tamén se empregarán textos tirados dos libros de lectura e fotocopias complementares dos diferentes bloques de contido.
- Cuarto de ESO : Lingua Galega e Literatura 4ºESO. Editorial ANAYA. ISBN: 978-84-698-2033-9. Xuntaranse fotocopias de diversos temas complementarios, caso do bloque de Comunicación escrita, Funcionamento da lingua (semántica, léxico, lingua), Lingua e sociedade e Educación literaria).
- Segundo de BACHARELATO: non usaremos libro de texto neste curso; é o profesorado que imparte neste nivel o que elabora as unidades didácticas para o alumnado, complementadas con fichas de exercicios, facilitando tamén exercicios prácticos de Sociolingüística e Análise de Texto; ademais do uso dos recursos dixitais (gravacións dixitais, audicións musicais de textos literarios en rede, análise de temas en PowerPoint...), do traballo cos medios de comunicación en xeral ou cine (adaptacións literarias). O material estará a disposición do alumnado na Aula Virtual do centro e nela estruturarase o curso cos materiais adecuados para acadar con éxito tanto o 2º de Bacharelato como as probas ABAU. O aproveitamento por parte do alumnado é evidente pois o material complementase con recursos útiles para a súa aprendizaxe persoal, na que se terá en conta contidos de repaso, afiuzamento de estándares que sempre resultan máis complexos, etc. Tamén falicita o acceso a ligazóns ordenadas dentro dos temas a material externo como blogs, dicionarios específicos, videos, etc.

7. CRITERIOS SOBRE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Na ESO a avaliación terá carácter diagnóstico, deberá ser continua, formativa e integradora e no Bacharelato a avaliación da aprendizaxe, ademais de continua, formativa e integradora, será diferenciada, como un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe.

CRITERIOS POR CURSOS

2º ESO

Cualificación das avaliacións parciais

- 70%: Probas escritas (vocabulario, ortografía, gramática, funcionamento da lingua, lingua e sociedade).
- 10%: Lecturas obrigatorias.
- 10%: Actividades diarias, traballos de elaboración propia, caderno...
- 10%: Expresión / comunicación oral.

→ **A nota final será a media das tres avaliacións.**

A participación activa na aula, o traballo diario, a puntual realización dos exercicios encomendados e a actitude positiva cara á aprendizaxe da lingua, avaliábelas pola observación directa e diaria do profesor/a, ou por rexistros de observación.

En toda produción escrita (traballos, exames...) poderá descontarse ata 1 punto por erros na presentación, ortografía, adecuación, coherencia ou cohesión, a razón de -0,1 por erro cometido. Tamén poderán baixar a nota a mala puntuación e a mala redacción, así como a expresión caótica de ideas.

O redondeo a puntos enteiros realizarase á alza ou á baixa (ao punto inmediatamente superior ou inferior) segundo a observación do profesor/a da constancia do traballo e a actitude diarias.

No caso de que, durante a realización dunha proba, se sorprenda un alumno/a copiando, por calquera medio, ou colaborando activamente para que un compañeiro/a copie, aplicaráselle nesa proba unha cualificación de 0 puntos

Recuperacións

A pesar de ser avaliación continua, realizaranse probas de recuperación por trimestre, xa que posibilitan a adecuada progresión ao longo do curso. A realización destas probas será a comezos do trimestre seguinte, agás no último que se fixará previamente nun prazo aproximado de dúas semanas máis tarde que a terceira avaliación.

Avaliación final

A cualificación, na meirande parte dos casos, equivale á cualificación final coa excepción dos seguintes supostos:

a) O alumnado que teña suspensa a materia tras a realización da media dos tres trimestres poderá recuperala na avaliación final. Para isto, realizará unha proba escrita da/s avaliación/s suspensa/s. A cualificación obtida nesta proba permitiralle a posibilidade de recuperar a parte correspondente ao 70% das probas escritas, xa que o restante 30% da cualificación (lectura, traballos, exposicións orais etc.) manteráselle das notas obtidas ao longo do curso.

b) O alumnado que teña a materia aprobada pero queira subir nota tamén poderá presentarse á devandita proba escrita. Nese caso, ao igual que as persoas suspensas, terán a opción de subir a nota dunha única avaliación ou de varias delas, mais en ningún caso poderá prexudicar o alumnado.

c) A totalidade do alumnado deberá realizar ao longo das últimas semanas as actividades dun boletín co que se traballará na aula a modo de reforzo e de repaso para a preparación da proba final. O feito de non traballar durante estas semanas e, polo tanto, non realizar este boletín nas horas de clase, poderá supoñer unha minoración dun 15% da cualificación final.

LECTURAS

Lecturas obrigatorias

COSTAS, LEDICIA: *O corazón de Xúpiter*. Xerais.
SOLAR, M.: *Os nenos da varíola*, Galaxia.
FERNÁNDEZ PAZ, Agustín: *Trece anos de Branca*. Rodeira.

Lecturas optativas

CORTIZAS, ANTÓN: *Leonel*. Xerais.
COSTAS, LEDICIA: *Unha estrela no vento*. Xerais.
DOCAMPO, X. PUENTE, *Cando petan na porta pola noite*. Xerais.
FERNÁNDEZ PAZ, AGUSTÍN, *Amor dos quince anos, Marilyn*. Xerais.
GÓMEZ OJEA, CARMEN, *O diccionario de Carola*. Edebé.
MARTÍN, PACO, *Das novas cousas de Ramón Lamote*. Galaxia.

4º ESO

Bloque 1. escoitar e falar: 15% Terase en conta se o alumnado emprega o galego como lingua de relación na aula nas intervencións espontáneas (pedir información, solicitar un servizo, etc.) e da participación en actividades (corrixir, dar opinións, facer comentarios ou suxestións...) tanto coa profesora como cos compañeiros e compañeiras. De irmos a un ensino non presencial, o valor

deste criterio sumaríase ás probas de expresión oral. Instrumento de avaliación: observación directa e anotación no caderno do profesor/a. [0,5 %]

O alumnado realizará, individualmente e de xeito presencial ou a través da aula virtual, unha ou varias probas de expresión oral trimestral relacionada coa tipoloxía textual que se traballa (narración, texto xornalístico...) ou cos contidos de Lingua e sociedade ou Educación Literaria. Tamén se avaliará a comprensión oral con audios ou vídeos sobre calquera aspecto da realidade galega ou sobre contidos do currículo, especialmente dos bloques 4 e 5. [10%]

•**Bloque 2. Ler e escribir: 20%** Obterase da lectura trimestral, sobre a que se ten que realizar un traballo ou unha proba de comprobación e comprensión [10%], e mais das producións escritas do alumnado (descricións, narracións, noticias, entrevistas...).

De se propoñeren lecturas voluntarias, terían un peso dun 0,5% na nota do trimestre. Iso significa que, se un alumno ou alumna ten unha nota de 5, unha lectura voluntaria avaliada de xeito oral ou mediante unha tarefa, permítelle chegar ao 5,5 que, aplicando o redondeo, sería un 6.

•**Bloques 3, 4 e 5 : 65 %** O alumnado terá que demostrar nunha proba escrita os coñecementos teóricos (coñecer, explicar, describir) e prácticos (redactar, empregar, analizar, identificar, diferenciar) relacionados con estes tres bloques. Realizaranse dúas probas escritas por trimestre, que poden ser presenciais ou on line, dependendo como evolucione a pandemia.

AVALIACIÓN FINAL E CRITERIOS DE RECUPERACIÓN

A nota final de xuño será o resultado da media aritmética das tres avaliacións, sempre que a nota de avaliación sexa como mínimo un 3 sobre 10. O redondeo farase do seguinte xeito: se se supera o 4,5 considérase que o alumnado chegou ao 5.

Unha nota inferior a 3 sobre 10 supón a recuperación da avaliación. As recuperacións realizaranse ao finalizar o trimestre, agás casos excepcionais debidamente xustificados. Pódese recuperar só un exame se o outro supera a nota mínima.

O uso da lingua galega na aula é obrigatorio e por conseguinte o alumnado que non faga uso dela, poderá non superar a avaliación aínda que teña superadas as probas que se deseñen para cuarto curso.

Para avaliar os estándares de aprendizaxe correspondentes a este curso de 4º da ESO, realizaranse como mínimo dúas probas por trimestre que terán o peso dun 65% da nota.

Ao longo do curso, a competencia lingüística tanto escrita como oral será avaliada con actividades que serán de entrega obrigada e que terán en cada avaliación un peso do 10%: construción de textos, exposicións orais, traballos en grupo etc.

Tamén se realizará unha proba que poderá ser oral ou escrita sobre as lecturas dos libros determinados polo departamento para cada trimestre. Nesa proba terase en conta a lectura comprensiva das obras literarias así como a utilización dunha correcta expresión escrita (ou oral).

O peso desta proba por avaliación será dun 10%.

A actitude do alumnado na aula e con respecto á materia e ao seu desenvolvemento contará un 10% na nota da avaliación. Terase en conta o caderno, as tarefas dentro e fóra da aula, a participación activa etc.

Os contidos de lingua serán progresivos, polo que nas probas do 2º e 3º trimestre poderanse avaliar contidos do 1º.

Non haberá probas de recuperación trimestral aínda que, de maneira excepcional ou puntual, o profesor poida decidir facelas para o alumnado que precisa atención á diversidade. De ser necesario recuperar a materia, farao no mes de xuño e antes da convocatoria extraordinaria, aquel alumnado que teña pendente unha ou dúas avaliacións. Se non se chega

ao mínimo esixido nas tres avaliacións, o alumnado deberá facer a proba final da materia na convocatoria extraordinaria de xuño.

LECTURAS

1º TRIMESTRE

CALVEIRO, Marcos (2010): *O pintor do sombreiro de malvas*. Vigo: Fóra de xogo, Xerais.
CASTELAO, A. Daniel (2004): *Os dous de sempre*. Vigo: Galaxia.
DIESTE, Rafael (2015): *A fiestra valdeira*. Vigo: Galaxia. [Teatro]
FERNÁNDEZ PAZ, Agustín (2009): *O centro do labirinto*. Vigo: Fóra de xogo, Xerais.
MACEIRAS, Andrea (2015): *Europa Express*. Vigo: Fóra de xogo, Xerais.
NEIRA CRUZ, Xosé A. (2003): *O armiño dorme*. Vigo: Galaxia.
SANTOS, Care (2015): *Mentira*. A Coruña: Rodeira.
SOLAR, María (2017): *Os nenos da varíola*. Vigo: Galaxia.
VILLAR, Domingo (2006): *Ollos de auga*. Vigo: Galaxia.
WEGELIUS, Jakob (2021): *A rosa falsa*. Cangas do Morrazo: Sushi books.

2º TRIMESTRE

BLANCO AMOR, Eduardo (2014): *Os biosbardos*. Vigo: Galaxia.
CAJARAVILLE, Héctor (2016): *A caixiña dos rancores*. Vigo: Xerais.
CUNQUEIRO, Á: *Merlín e familia*. Vigo: Galaxia.
FERNÁNDEZ PAZ, Agustín (2000): *Aire negro*. Vigo: Fóra de xogo, Xerais.
FARIÑA, Anxo (2017): *4XINETES*. Vigo: Xerais.
MALLORQUÍ, César (2020): *O círculo escarlata*. A Coruña: Rodeira.
MIRANDA, XOSÉ (2007): *Morning star*. Vigo: Xerais.
SANTIAGO, Eduardo (2011): *2044*. Vigo: Galaxia.
SANTOS, Care (2017): *Verdade*. A Coruña: Rodeira.
VILLAR, Domingo (2009): *A praia dos afogados*. Vigo: Galaxia.

3º TRIMESTRE

ALEIXANDRE, Marilar (2008): *Cabeza de Medusa*. Vigo: Xerais.
CAJARAVILLE, Héctor (2017): *Once portas*. Vigo: Xerais.
CASARES, Carlos (2016): *Vento ferido*. Vigo: Galaxia.
CASTRO, Francisco (2014): *Tes ata as 10*. Vigo: Galaxia.
McMANUS, Karen (2019): *Un de nós mente*. Cangas: Sushi Books.
MEJUTO, EVA (2019): *Memoria do silencio*. Vigo: Xerais.
MÉNDEZ FERRÍN (1997): *Arnoia, Arnoia*. Vigo: Fóra de xogo, Xerais.
PEDREIRA, Enma (2019): *Os corpos invisibles*. Vigo: Xerais.
SANTOS, Care (2019): *Medo*. A Coruña: Rodeira.
SERRA I FABRA, Jordi (2014): *Nun lugar chamado guerra*. Vigo: Galaxia.

2º BACHARELATO

Ao longo do curso realizaranse cinco probas escritas que seguirán a estrutura, os criterios de cualificación e extensión das respostas recomendadas pola CIUG na súa [Circular informativa para a ABAU 2022 \(05/03/2021\)](#) amais da última aclaración na [Nova Circular informativa para a ABAU 2022 \(21/09/2021\)](#), as cales poderán ser modificadas en caso de recibírense outras instrucións do Grupo de Traballo da materia de LGL II.

No primeiro e segundo trimestres propóñense dúas probas mentres que no terceiro só haberá un exame.

- A nota da cada avaliación acadarase atendendo aos seguintes criterios:
 - Unha ou dúas probas con contidos dos bloques de *Comunicación escrita* (comprensión e produción textual), *Funcionamento da lingua, Lingua e sociedade e Educación Literaria* : 80% na nota
 - Unha proba oral ou escrita de comprobación de lectura sobre unha obra literaria proposta na que se valorará a corrección e coherencia da expresión escrita. Correspondelle o 10% da nota.
 - Rexistros de participación na aula (obrigatoriamente en lingua galega) e tarefas orais ou escritas tales como exercicios gramaticais, debates, comentarios de texto, resumos, etc: 10% da nota.
 - Considerarase aprobada a avaliación cando o resultado acadado, unha vez aplicadas as medidas anteriores, sexa igual ou superior a 5.
- A nota final final do curso será a media dos resultados obtidos nas tres avaliacións, unha vez que sobre ela se realicen as correccións oportunas derivadas dos procesos de recuperación, tanto dos que teñen que ver cos estándares con carácter progresivo como daqueles que precisan de exame de recuperación. No caso de que non acadarse un cinco de media, o alumnado poderá presentarse a única proba final na que se avaliarán os contidos de todo o curso e que valerá o 100% da nota. A cualificación mínima para aprobar será dun 5.
- Tal como sucede na ABAU, sobre a cualificación global das probas escritas de cada avaliación poderanse descontar ata un máximo de 2 puntos por erros ortográficos. Os erros poderán ser:

- **Moi graves:** aquelas solucións que son alleas ó sistema lingüístico do galego (tempos compostos, mala colocación do pronome persoal átono...). Descontaranse 0,2 puntos.
 - **Graves:** solucións ortográficas contrarias á norma lingüística (b/v, h, y...). Acentuación diacrítica. Descontaranse 0,1 puntos.
 - **Leves:** solucións galegas alleas ó estándar vixente. Acentuación non diacrítica. Penalizaranse con 0,05 puntos.
- De constatarse unha fraude nalgunha proba (copiar ou intentalo, facer pasar por propio un traballo alleo, etc), a cualificación outorgada entón será de cero, garantíndose sempre a presunción de inocencia.

CRITERIOS DE RECUPERACIÓN

- Ao final do curso, en caso de non acadarse un 5 de media, o alumnado poderá presentarse a única proba final na que se avaliarán os contidos de todo o curso e que valerá o 100% da nota. A cualificación mínima para aprobar será dun 5.
- Na convocatoria extraordinaria de xuño o Departamento de LGL elaborará unha proba na que se avaliarán os contidos de todo o curso e que valerá o 100% da nota. A cualificación mínima para aprobar será dun 5.

LECTURAS

Amais da lectura de textos escolmados polo/a profesor/a, será de lectura obrigada un libro por avaliación:

1ª Avaliación

- Antón Riveiro Coello, *As rulas de Bakunin*, Galaxia

2ª Avaliación

- Josiño Araújo, *Memorias dun exgalego*, Laiovento

3ª Avaliación: non se esixirá lectura obrigatoria tendo en conta a escasa duración deste trimestre. Non obstante, o alumnado deberá dar conta de lecturas correspondentes ao período literario estudado.

8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

Estes indicadores poderían resumirse na táboa seguinte:

INDICADORES	VALORACIÓN	PROPOSTA DE MELLORA
Realiza a avaliación inicial ao principio de curso para axustar a programación ao nivel dos estudantes.		
Detecta os coñecementos previos de cada unidade didáctica.		
Proporciona a información necesaria sobre a resolución das tarefas e como pode melloralas.		
Corrixe e explica de forma habitual os traballos e as actividades dos alumnos e as alumnas, e dá pautas para a mellora das súas aprendizaxes.		
Utiliza suficientes criterios de avaliación que atendan de xeito equilibrado a avaliación dos diferentes contidos.		
Favorece os procesos de autoavaliación .		
Propón novas actividades que faciliten a adquisición de obxectivos cando estes non foron alcanzados suficientemente.		
Propón novas actividades de maior nivel cando os obxectivos foron alcanzados con suficiencia.		
Utiliza diferentes técnicas de avaliación en función dos contidos, o nives dos estudantes, etc.		
Emprega diferentes medios para informar dos resultados aos estudantes e aos pais.		

9. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

Este curso 2022/23 contamos na materia de Lingua Galega e Literatura con 19 alumnos/as que teñen pendente a materia de 1º, 2º, 3º e 1º de BAC, distribuídos do seguinte xeito:

ALUMNADO COA MATERIA PENDENTE CURSO 2022-23 (19 alumnos/as)		
Pendientes de 1º ESO	Pendientes de 2º ESO	Pendientes de 3º ESO
2ºA (2 alumnos)	4ºB (1 alumna)	3ºB (1 alumna)
2ºB (2 alumnos)	3ºC (3 alumnos)	4ºC (5 alumnos)
2ºC (1 alumnos)		4ºD (3 alumnos)
Pendientes de 1º BACHARELATO		
2º A BAC (1 alumna)		

A Xefa do departamento coordinará o proceso de recuperación da materia para aquel alumnado que a teña pendente; tamén se ocupará da aplicación das probas obxectivas que o departamento debe deseñar como parte da avaliación deste alumnado e de proporlle a elaboración de diversos traballos que axuden á consecución dos obxectivos fixados. O profesorado que imparte a materia no curso no que actualmente está o alumno ou alumna ten as seguintes funcións dentro do programa de recuperación:

- Facer a observación e o seguimento das actitudes, estratexias de aprendizaxe e hábitos de traballo do alumnado en relación co curso en que está actualmente.
- Proporcionarlle a información e os materiais de recuperación do departamento e aclarar todo tipo de dúbidas que vaian xurdindo.

Unha vez por trimestre, polo menos, o departamento dedicará a reunión ao seguimento e valoración do proceso de recuperación deste alumnado, tomando as medidas correctoras e de reforzo que se consideren necesarias.

O alumnado que non supere a materia na convocatoria ordinaria, deberá presentarse, na data que se estableza, á proba extraordinaria do mes de xuño. O Departamento informará sobre as condicións xerais dese exame, que se baseará, igual que o da convocatoria ordinaria, nos contidos mínimos da materia e será valorado segundo os criterios establecidos na programación xeral.

O departamento conta con material de apoio para reforzar ou recuperar contidos do curso anterior, polo que o profesor, se o considera oportuno, esixirá ao alumno traballo complementario que o axude a aprobar a materia.

Na proba escrita que se realizará no mes de maio o alumno deberá obter un mínimo dun 5 para superar a materia que fará media, se é o caso, coa nota conseguida no traballo.

Considerarase superada a asignatura de 1º, 2º ou 3º en todos os casos cando o alumno aprobara a materia do nivel superior.

10. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS A ADOPTAR

Ao inicio do curso e dado que o proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado está dirixido cara ao logro dunha serie de obxectivos, deberemos coñecer previamente a situación inicial do alumnado a través dunha avaliación inicial (que non afectará ás cualificacións do alumnado) que debe ter como finalidade medir o nivel de coñecementos, sobre todo nos ámbitos referidos aos bloques das competencias oral e escrita e ao bloque de funcionamento da lingua. Esta avaliación inicial deberá ser complementada co coñecemento das características, necesidades e contorno do alumnado, o que nos permitirá tomar decisións relativas á metodoloxía, planificación e programación das actividades docentes e a adopción das medidas necesarias de atención á diversidade. Para isto, tamén se empregarán, caso da ESO, os informes individualizados do curso anterior para obter unha valiosa información sobre a situación de cada alumno/a.

Daquela, que avaliar inicialmente? A este respecto consideramos prioritario avaliar os recursos e capacidades do alumnado máis que as carencias, claro está que sen esquecer estas. Polo tanto, o coñecemento expectativas e intereses, da potencialidade deber prioritario antes que a constatación do nivel académico. De aí,

a importancia do coñecemento do ambiente social e familiar no que se move o alumnado e as súas actitudes fronte á materia e aos temas transversais a desenvolver, a fin de fomentar a motivación por aprender. Porén, tamén é necesario coñecer as súas capacidades en relación cos procedementos e instrumentos (no ámbito da comprensión oral e escrita), así como os conceptos básicos da materia para saber que reforzar.

Daquela, como avaliar os diferentes aspectos que nos permitirán, ao ser un proceso colectivo, un intercambio de información e opinión o que facilitará a aplicación dun ensino baseado nas necesidades e características do alumnado.

En xeral, a avaliación inicial debe asentarse nos seguintes aspectos:

- Observación do grupo e da actitude de cada alumno cara á materia a través da realización de diversas actividades motivadoras na aula.
- Cumprimento, se proceder, dunha ficha de autoavaliación.
- Realización dunha proba escrita que debe recoller as aptitudes ou carencias iniciais na materia (comprensión e expresión escrita, coñecementos gramaticais...).

En síntese, a avaliación inicial debe servir para:

1. Ofrecer datos relativos ao entorno socio-familiar do alumnado.
2. Aportar información sobre o contexto escolar no que se move o grupo.
3. Definir os coñecementos previos do alumnado para unha correcta intervención educativa correctora.
4. Concretar estratexias máis eficaces de aprendizaxe.

Á vista dos resultados realizaranse as medidas de atención á diversidade necesarias consonte o desenvolvido no apartado seguinte, encadradas nos programas de mellora da aprendizaxe e do rendemento.

Descrición do grupo despois da avaliación inicial

Á hora de establecer as medidas de atención á diversidade e inclusión habemos de recompilar, en primeiro lugar, diversa información sobre cada grupo de alumnos e alumnas; como mínimo, debe coñecerse a relativa a:

- O número de alumnos e alumnas.
- O funcionamento do grupo (clima da aula, nivel de disciplina, atención...).
- As necesidades que se puidesen identificar; cómpre pensar nesta fase en como se poden abordar (planificación de estratexias metodolóxicas, xestión da aula, estratexias de seguimento da eficacia de medidas, etc.).
- As fortalezas que se identifican no grupo en canto aos aspectos competenciais.
- Os desempeños competenciais prioritarios que hai que practicar no grupo nesta materia.
- Os tipos de recursos que se necesitan adaptar a nivel xeral para obter un logro óptimo do grupo.
- Os informes do curso anterior.
- As aprendizaxes non adquiridas en relación coas competencias.

Necesidades individuais

A avaliación inicial facilítanos non só coñecemento acerca do grupo como conxunto, senón que tamén nos proporciona información acerca de diversos aspectos individuais dos nosos estudantes. A partir dela poderemos:

Identificar os alumnos ou as alumnas que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe. *(Débese ter en conta aquel alumnado con necesidades educativas, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas, pero que requiran atención específica por estar en risco, pola súa historia familiar, etc.).*

Saber as medidas organizativas a adoptar. *(Planificación de reforzos, situación de espazos, xestión de tempos grupais para favorecer a intervención individual).*

Establecer conclusións sobre as medidas curriculares a adoptar, así como sobre os recursos que se van empregar.

Prestar especial atención ao alumnado con necesidades específicas a aquel alumnado que tivese dificultades derivadas da fenda dixital.

11. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Todos os alumnos e alumnas, aínda que exista moita diversidade, deben ter a posibilidade de progresar na consecución de obxectivos. Neste senso realizarase, na medida do posible, unha atención persoal de cada alumno e alumna.

No traballo de aula contemplamos a probabilidade de cambios na estratexia de aprendizaxe, fundamentalmente de carácter metodolóxico; así cando se detecten distintos ritmos e capacidades de asimilación dos contidos ou estándares de aprendizaxe, procederase a preparar material de apoio específico para o alumnado que presente atrancos académicos, sempre secuenciando o grao de dificultade das tarefas. Este material elaborárase en función dos seguintes principios de carácter psicopedagóxico, que constitúen a referencia esencial para unha formulación curricular coherente e integradora, posuidora dun carácter comprensivo á vez que respectuoso coas diferenzas individuais:

A nosa actividade como profesores será considerada como mediadora e guía para o desenvolvemento da actividade construtiva do alumno/a.

Partiremos do nivel de desenvolvemento do alumno ou alumna, o que significa considerar tanto as súas capacidades coma os seus coñecementos previos.

Orientaremos a nosa acción a estimular no alumnado a capacidade de aprender a aprender. Promoveremos a adquisición de aprendizaxes funcionais e significativas.

Buscaremos formas de adaptación na axuda pedagóxica ás diferentes necesidades do alumnado.

Impulsaremos un estilo de avaliación que sirva como punto de referencia á nosa actuación pedagóxica, que proporcione ao alumnado información sobre o seu proceso de aprendizaxe e permita a súa participación neste a través da autoavaliación e a coavaliación. Fomentaremos o desenvolvemento da capacidade de socialización e de autonomía do alumnado.

Na ESO tanto no seu primeiro como no seu segundo ciclo xa se lle dedica especial atención a aquel alumnado que por distintas causas presenta maiores dificultades de aprendizaxe e se lle respecta o seu ritmo de traballo e se lle aporta material adecuado a

fin de reforzar o traballo do alumnado que demostra certas capacidades cara a un maior afondamento na análise de conceptos. Deste xeito, para que todo o alumnado poida conseguir as finalidades da ESO, é dicir adquirir as competencias baseadas nos estándares de aprendizaxe avaliábeis, debemos ter en conta os seguintes puntos:

- Favorecer as aprendizaxes globalizadas e funcionais.
- Procurarlle ao alumnado ritmos de traballo diferentes.
- Reforzar o traballo daquel alumnado que demostre capacidade cara a un maior afondamento na análise dos conceptos.
- Facilitar axuda a aquel alumnado que presente dificultades na aprendizaxe.
- Orientar o alumnado cara á súa integración laboral e profesional.

As medidas de atención á diversidade pode dicirse que se organizan en dous niveis de actuación. Por un lado, aquelas que van encamiñadas ao alumnado con necesidades educativas especiais, entendendo por estas aquelas que se orientan a aquelas persoas que polo seu baixo nivel de rendemento se organizan no grupo de Reforzo e que, polo tanto, teñen un ritmo diferenciado do resto do grupo-clase e asisten a esas dúas horas de clase como apoio para acadar o nivel de competencia lingüística esixido para este nivel. Neste caso trátase dun grupo de 12 alumnos, sumados os dous grupos de 1º (A-B).

Os obxectivos marcados como prioritarios son a comprensión e a expresión oral e escrita.

Por outro lado, está a atención xeral na aula, establecendo distintos ritmos de aprendizaxe entre o alumnado con máis competencia e os que con atención puntual, individualizada, están en condicións de poder acadar os obxectivos xerais indicados para o nivel de 1º da ESO.

A análise das probas iniciais serán determinantes para fixar eses avances na aprendizaxe.

Este **grupo de Reforzo** organízase do seguinte xeito:

As actividades de reforzo neste nivel de 1º da ESO céntranse fundamentalmente en adquirir as competencias máis básicas que implementan o traballo no grupo de referencia. Xeralmente procederáse a unha avaliación inicial e reforzo de xeito individualizado daqueles aspectos fundamentais para acadar o nivel mínimo do grupo. En particular insistirase nas actividades de comprensión e expresión oral e escrita, así como de autonomía e iniciativa persoal.

CONTIDOS: Os contidos conceptuais e actividades introduciranse no grupo por medio de materiais de apoio como fotocopias, libros de lectura e audicións.

En particular, propoñeranse os caderniños de reforzo de ANAYA de *Ortografía e Morfosintaxe* como materiais básicos e que o profesor complementará cos anteditos recursos.

A distribución desas actividades será simultánea, de tal xeito que se completen os seguintes apartados:

1. Ortografía: Fonemas vocálicos e consonánticos, vogais, consoantes e grafemas. Uso de vogais e consoantes, con especial insistencia nos casos de interferencias galego-castelán. Combinación de vogais. Sílaba, acentuación, puntuación.
2. Morfoloxía: Identificación das diferentes clases de palabras: Substantivo e adxectivo (xénero e número); determinantes (artigo, demostrativo, posesivo, etc); verbo (modos, tempos, número, persoa, regular, irregular, etc), palabras invariables (adverbio, conxunción preposición e interxección).
3. Semántica: Ampliación de vocabulario dalgúns campos semánticos determinados: familia, fogar, natureza, o mar, etc. Conceptos de sinonimia, antonimia, paronimia, etc.
4. Expresión oral e escrita: Elaboración de textos escritos, segundo os modelos xerais de narración, descrición, diálogo, noticia, crónica, reportaxe, etc.

Así mesmo, afondarase na lectura en voz alta e individualmente, que mellore a expresión oral e a comprensión.

O seguimento de cada estudante será realizado polo profesor, que informará ao profesor do grupo de referencia de cara ao proceso de cualificación en cada avaliación.

Tamén contamos en **1º de ESO dun Agrupamento**. Este agrupamento proporciona ao alumnado con dificultades para aprobar unha atención máis individualizada. O obxectivo final é o de facilitarlles a superación destas materias e a promoción ao seguinte curso con garantías de éxito. A decisión de incorporar a un/unha alumno/a corresponde ao equipo de avaliación, de acordo cos pais.

Alumnado que se incorpora de forma tardía ao sistema educativo.

O artigo 19 do artigo 38 do Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia alude a que a escolarización do alumnado que se incorpora de forma tardía ao sistema educativo ao que se refire o artigo 78 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, realizárase atendendo ás súas circunstancias, aos seus coñecementos, á súa idade e ao seu historial académico.

Para este tipo de alumnado, caso de habelo, adoptaremos as medidas de reforzo necesarias que faciliten a súa integración escolar e, se proceder, a recuperación do seu desfacemento, para que as mesmas lle permitan continuar con aproveitamento os estudos.

12. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Serán obrigatoriamente traballados na aula, tal e como establece a lexislación, os seguintes contidos transversais, en común co resto das materias: a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as TIC, o emprendemento e a educación cívica e constitucional.

Se hai algún elemento que cuantitativa e cualitativamente debe presidir o estudo da Lingua e literatura galega é a transversalidade. Por que?

Porque, dada a situación da sociedade que desde o punto de vista sociolingüístico tende a ser cada vez máis complexa e á vez máis uniforme en favor das linguas hexemónicas é urxente presentar o idioma como un nexo de sobrevivencia da nosa cultura e de todo o que isto significa desde diferentes áreas: historia, xeografía, paisaxismo, natureza, usos, costumes, novas tecnoloxías, etc.

Ademais traballaranse, especialmente nas actividades de comunicación oral, os seguintes elementos transversais, ben partindo das lecturas ofrecidas polo libro de texto, ben noutras lecturas fornecidas polo/a docente, ben directamente en debates sobre temas de actualidade nos que se involucren estes contidos (que afecten ao contorno inmediato ou da crónica de noticias nacional e internacional)

- A igualdade efectiva entre homes e mulleres.
- A prevención da violencia de xénero.
- Análise de estereotipos de xénero e os comportamentos sexistas.
- A LGTBIfobia.
- A prevención da violencia contra as persoas con discapacidade.
- Os valores de igualdade de trato e non discriminación.
- A aprendizaxe de prevención e resolución pacífica de conflitos.
- A prevención do racismo e a xenofobia.
- O fomento da creatividade.
- O traballo en equipo.
- A reflexión sobre o sentido crítico.
- A prevención dos accidentes de tráfico.

13. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Se partimos da importancia que debe ter a conexión entre a realidade cotiá e a das aulas, resulta obvio considerar que as actividades complementarias que se desenvolvan no centro ou fóra del serán un elemento determinante para a mellora do proceso de ensino-aprendizaxe.

Neste sentido, a colaboración de autores, que explican a súa obra e expoñen o proceso creativo polo que a lingua lles permitiu crear a obra literaria, é un dos piares que contribúe nos diferentes xéneros literarios a espertar entre o alumnado o espírito creativo e expresivo do idioma no plano oral e escrito.

Esta actividade irá sempre precedida da lectura individual da obra do autor invitado para que o alumnado resolva dúbidas ou curiosidades sobre aquela.

Como dicíamos máis enriba, o traballo interdisciplinar e de inmersión na contorna ou no medio natural serán dúas das ideas principais para o traballo extraescolar. Así, e como vén sendo tradicional, a colaboración cos departamentos de Bioloxía, Xeografía e Historia e Educación Física permite organizar actividades que contribúen á formación integral do noso alumnado (Inmersión no patrimonio cultural e paisaxístico de Galicia: percorrido polos roteiros de Morrazo, visita á Casa Museo de algún autor/a coma a de Rosalía de Castro ou o Pazo de Trasalba de Otero Pedrayo, o Mosteiro de Oseira, o Carballiño, San Cibrao de Las, A contorna do Castro, Celanova e Ourense cidade e o seu roteiro de *A esmorga*, Ribadavia como centro de interese da actividade teatral son algúns dos puntos que se teñen programados). Folga dicir que o traballo co Equipo de Dinamización Lingüística do centro será estreito pois o Departamento comparte todos os seus obxectivos.

Ao longo do curso van aparecendo ofertas de distintas institucións e colectivos culturais que estudamos sempre con atención. Escolleremos aqueles que sexan de interese para a formación do alumnado e que se poidan atender orzamentariamente (asistencia a representacións teatrais, cinematográficas, conferencias, visitas a exposicións, museos, e tamén participación en concursos literarios ou outros, regueifas, etc).

- Actividades propostas para o nivel 1º de Bacharelato do curso 2022-2023

→ Presenza dalgúns dos autores ou autoras das obras lidas ao longo do curso. Xestionarase a visita cando se coñezan os títulos elixidos en cada unha das aulas de 1º de Bacharelato.

→ 2º trimestre: roteiro literario centrado na figura do padre Sarmiento e/ou de Xoán Manuel Pintos pola cidade de Pontevedra.

→ 3º trimestre: visita á Fundación Penzol para coñecer os fondos e o labor de Francisco Fernández del Riego e visita á Rúa Real da zona vella onde se situaba a Imprenta de Juan Compañel.

→ posibilidade de convidar a algún/ha conferenciante ao centro, sexa a través do programa Ponte da USC sexa de xeito directo (neste caso dependerá do orzamento do que poidamos dispoñer).

14.MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

Ao finalizar cada unidade didáctica propónse unha secuencia de preguntas que permitan avaliar o funcionamento do programado na aula e establecer estratexias de mellora para a propia unidade

Como método para avaliar a propia programación e facer propostas de mellora para o curso próximo poderanse utilizar unha serie de indicadores de logro sobre o proceso de ensino-aprendizaxe nunha serie de cuestionarios realizados polo alumnado e polo propio/a profesor/a e dos que se deducirán os cambios a realizar para o futuro para a mellora do proceso. Esta Programación queda aberta aos cambios esixibles segundo os resultados observados por cada profesor e analizados e comentados conxuntamente nas reunións do Departamento.

- Resultados da avaliación da materia no curso e seguimento da programación.
- Número de aprobados e suspensos.
- Comparación global cos resultados das demais áreas afíns (áreas de lingua e sociais).
- Distribución coherente de contidos entre o profesorado que imparte un mesmo nivel.
- Grao de cumprimento da programación.
- Aplicación de medidas de atención á diversidade (farase un seguimento do cumprimento das ACI se as houber).
- Necesidade de incidir nalgún tema transversal específico, en función da realidade contemporánea.
- Análise da adecuación dos materiais e recursos didácticos empregados, da temporalización dos contidos, da metodoloxía empregada e dos criterios de avaliación e revisión dos indicadores de aprendizaxe considerados logros mínimos para aprobar a materia. Poderase recoller a impresión do alumnado sobre:
 - A adecuación das actividades planificadas para traballar a expresión escrita, a expresión oral, o funcionamento da lingua e as explicacións teóricas.
 - A duración das actividades programadas para para traballar a expresión escrita, a expresión oral, o funcionamento da lingua e as explicacións teóricas.
 - A dificultade das actividades de expresión oral, expresión escrita, funcionamento da lingua e explicacións teóricas.

- O grao de interese do alumnado por cada un dos apartados traballados na materia.
- O coñecemento do alumnado dos criterios de cualificación desde principio de curso.
- A valoración sobre a adecuación das puntuacións outorgadas a cada apartado das probas e das porcentaxes aplicadas nos criterios de cualificación.
- A utilidade e intensidade do uso das TIC na materia.
- A opinión sobre as actividades complementarias e extraescolares.

De igual modo, propoñemos o uso dunha ferramenta para a avaliación da programación didáctica no seu conxunto; esta realizarase ao final de cada trimestre, para así poder recoller as melloras no seguinte. A devandita ferramenta pode ser esta:

ASPECTOS A AVALIAR	A DESTACAR...	A MELLORAR...	PROPOSTAS DE MELLORA PERSOAL
Temporalización das unidades didácticas			
Desenvolvemento dos obxectivos didácticos			
Manexo dos contidos da unidade			
Descritores e desempeños competenciais			
Realización de tarefas			
Estratexias metodolóxicas seleccionadas			
Recursos			
Claridade nos criterios de avaliación			
Uso de diversas ferramentas de avaliación			